

A EDUCACIÓN  
DO HOME E DA MULLER  
E OUTROS ESCRITOS  
FEMINISTAS

*Emilia Pardo Bazán*



REAL  
ACADEMIA  
GALLEGA

PARLAMENTO  
DE GALICIA



Com. Museo

EMILIA  
PARDO  
BAZÁN





A EDUCACIÓN DO HOME  
E DA MULLER  
E OUTROS ESCRITOS FEMINISTAS

*1ª edición, 1ª impresión, 2021*

© Parlamento de Galicia, 2021

© Real Academia Galega, 2021

© pola tradución, Mónica Bar Cendón, 2021

© polos limiares, cadanseu autor e autora

PRODUCCIÓN

Editorial Galaxia, S. A.

Depósito legal: VG 414-2021

IMAXE DE CUBERTA

Emilia Pardo Bazán, ca. 1892.

Arquivo da Real Academia Galega

DESEÑO DE CUBERTA

Hayat Husein

MAQUETACIÓN

Alba Pernas

O papel utilizado neste exemplar é reciclable,  
libre de cloro e obtido dunha xestión forestal sustentable.

EMILIA PARDO BAZÁN

A EDUCACIÓN DO HOME  
E DA MULLER  
E OUTROS ESCRITOS FEMINISTAS

*Selección e introdución*

Marilar Aleixandre

*Tradución*

Mónica Bar Cendón



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA





## UNHA GALEGA UNIVERSAL

Neste ano de conmemoracións organizadas ao fío do primeiro centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán, o Parlamento de Galicia acolleu con entusiasmo a proposta da Real Academia Galega de publicar, en galego, por vez primeira, unha recompilación de ensaios e artigos feministas da autora que, hai máis dun século, denunciaba con tanta clarividencia como sólida argumentación a discriminación que padecían as mulleres naquela altura.

Con termos avanzado moito —afortunadamente— desde entón, o pensamento feminista de dona Emilia mantén a súa plena vixencia no século XXI, e cómpre ser rescatado para, por unha banda, reflexionar e tomar conciencia respecto da evolución social rexistrada desde aquela, mais tamén para continuarmos a dar pasos na procura da igualdade real entre homes e mulleres, aínda non de todo conseguida.

Para o Parlamento de Galicia —que se honra de contar cun modesto fondo editorial que pon ao dispor de toda a sociedade— é un honor patrocinar a edición



deste volume, coa esperanza de poñer o foco sobre algún dos traballos menos coñecidos de Emilia Pardo Bazán, e facelo, ademais, na lingua propia de Galicia, como é a nosa obriga.

Reivindicamos, desde xeito, a igualdade real entre homes e mulleres, ao tempo que homenaxeamos unha galega universal: Emilia Pardo Bazán, sempre adiantada ao seu tempo, que espertou filias e fobias entre os seus coetáneos e nos legou unha obra monumental que, por fortuna, volve cobrar actualidade nos nosos días.

Parabéns á Real Academia Galega e, nomeadamente, ao seu presidente, Víctor Fernández Freixanes; á académica Marilar Aleixandre, coordinadora da obra e autora do estudo introdutorio; e á tradutora, Mónica Bar Cendón, por conducir a bo porto esta tan singular como necesaria iniciativa editorial.

MIGUEL ÁNGEL SANTALICES VIEIRA  
Presidente do Parlamento de Galicia

## UN PENSAMIENTO LIBRE

O século XIX deu en Galicia catro mulleres de altísima significación: Rosalía de Castro, Juana de Vega, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán. Catro mulleres representativas dun período extraordinariamente activo no que se anunciaban algúns dos grandes cambios que viñan marcar a modernidade do noso tempo: a dignificación da lingua galega, a loita contra as desigualdades sociais (con atención especial aos máis desasistidos), os principios de liberdade democrática e, entre outros, a igualdade de dereitos das mulleres. Con distintos graos de intensidade e con cadansúa personalidade, nas catro atopamos estes compromisos. Catro mulleres que representan a centos de miles de mulleres anónimas que constitúen unha das grandes fontes de enerxía do noso país.

No centenario do pasamento de Emilia Pardo Bazán (1851-1921) a Real Academia Galega, que ten unha débeda de gratitude coa escritora, quere reivindicar o seu pensamento feminista recollendo nun volume algúns dos seus máis significativos escritos sobre esta cuestión, non menos palpitante ca outras, por máis que

incomprendida por moitos dos seus contemporáneos, mesmo colegas de profesión e oficio. A académica Marilar Aleixandre asumiu a escolma e a edición dos textos, en colaboración coa tradutora Mónica Bar Cendón, iniciativa que dende o primeiro momento, contou coa estima do Parlamento de Galicia. Agradecemos ao seu presidente, Miguel Angel Santalices Vieira, o seu apoio a prol da difusión da obra.

En 1956, Manuela Esteban Collantes e María das Neves Quiroga, herdeiras da escritora, doaron á Real Academia Galega o edificio que foi residencia coruñesa de Emilia Pardo Bazán na rúa Tabernas. En 1975 comezaron as reformas, dirixidas polo arquitecto Andrés Fernández-Albalat, e en 1978 a institución ocupou a casa que dende entón nos acolle. Entre os compromisos adquiridos están a custodia do legado e memoria de dona Emilia, conservación dos seus arquivos, manuscritos, enxoval e biblioteca. A súa personalidade é extraordinariamente rica. A súa obra, tan vencellada a Galicia, adiantase en moitos aspectos a algunhas das grandes cuestións chamadas a mellorar o mundo. A literatura é luz e descuberta. Neste sentido parécenos especialmente oportuna esta edición do discurso feminista da escritora, incorporándoo ao patrimonio da lingua galega, pola súa significación e pola súa modernidade, rescate necesario para contextualizar unha das grandes autoras do pensamento libre.

VÍCTOR FERNÁNDEZ FREIXANES  
Presidente da Real Academia Galega

A EDUCACIÓN DAS MULLERES PARA  
REALIZAR O SEU PROPIO DESTINO

ACHEGAS TEÓRICAS  
DE EMILIA PARDO BAZÁN

Marilar Aleixandre  
Real Academia Galega

Feminista pioneira, Emilia Pardo Bazán definiuse a si mesma como “radical feminista”, utilizando abertamente o termo. Reivindicou todos os dereitos para as mulleres, denunciou os mullericidios —creando esta palabra—; criticou as discriminacións, da dobre moral sexual á prohibición de fumar; da negativa a permitir-lles exercer traballos ben remunerados á exclusión das academias; exerceu a súa liberdade como muller. Sendo o seu feminismo recoñecido, a calidade e o impacto internacional da súa obra narrativa centrou a atención sobre ela até tempos recentes.

Pardo Bazán foi máis alá da esixencia de dereitos e a denuncia das exclusións sufridas polas mulleres: elaborou unha construción teórica, identificando os alicerces ideolóxicos da discriminación e algúns dos mecanismos polos que se exerce. Achegas teóricas publicadas en revistas ou prólogos e menos difundidas que as súas novelas. En castelán foron recollidas por Guadalupe

Gómez-Ferrer (Pardo Bazán, 1999) e, estando este volume en edición, por Marisa Sotelo (Pardo Bazán, 2021). Sendo a lingua galega, como afirmaba Xela Arias, unha lingua de cultura que pode tanto xerar literatura e ensaio, como acoller os traducidos doutra lingua, consideramos acaído neste ano do seu centenario difundir en galego unha selección destes escritos.

Cara ás análises sobre o seu feminismo cómpre escoitar a súa propia voz en ensaios e artigos. Sendo constante nas súas novelas e relatos a atención á situación das mulleres e mesmo a subversión dos roles de xénero (Alonso Nogueira, 2021), a narrativa préstase máis á interpretación. A continuación preséntanse os oito escritos recollidos no volume.

*A educación do home e a da muller* é, probablemente, o ensaio teórico sobre feminismo máis relevante e novidoso de Emilia Pardo Bazán. Escrito entre Meirás e A Coruña—segundo inferimos das cartas a Carmen Miranda— no verán de 1892, e presentado no Congreso Pedagóxico de outubro, foi publicado nese ano no número 22 da revista dirixida pola escritora *Nuevo Teatro Crítico*. O título é unha homenaxe ao *Teatro Crítico* de Frei Benito Xerónimo Feijoo, do que era grande admiradora pola súa “Defensa das mulleres”. O ensaio fundamenta as conclusións nunha sólida argumentación, mais non trata só da educación das mulleres e dos atrancos que encontra, senón tamén das ideas que sustentan as discriminacións, que hoxe chamariamos ideoloxía do patriarcado.

Comezamos polas dúas conclusións, que fornecen un marco para comprender a análise da autora e como

o seu feminismo se adianta ao do seu tempo. A primeira é teórica: “Aspiro, señores a que recoñezades que a muller ten destino propio; que os seus primeiros deberes naturais son para consigo mesma, non relativos e dependentes da entidade moral da familia que no seu día poderá constituír, ou non constituír”. A noción do *destino propio* resoa no feminismo de hoxe; Pardo Bazán sitúao en oposición ao destino relativo indicando que non se pode quitar ao destino da muller toda significación individual, non deixándolle senón a que pode ter relativamente ao destino do varón. É unha idea orixinal da autora, que non se limita ás cuestións educativas, e vai ao fondo das exclusións. A idea do destino propio está vencellada á proposición de que a muller pode ser nai ou non selo: “A maternidade é función temporal: non pode someterse a ela a vida enteira. [...] Ademais de temporal, a función é adventicia: todas as mulleres conciben ideas, pero non todas conciben fillos.” A conclusión nin sequera foi presentada a votación. Segundo Narciso de Gabriel (2018) alguén debeu convencer a Emilia da imposibilidade de acadar unha maioría. Poderíamos resumir as consecuencias da idea do destino propio dicindo que a educación das mulleres é un obxectivo en por si, e non para seren mellores nais, como se mantiña na época.

A segunda conclusión é práctica, levar a teórica á realidade: “Abríndolle á muller sen dilación libre acceso ao ensino oficial, e como lóxica consecuencia, permitíndolle exercer as carreiras e desempeñar os postos a que dean opción os seus estudos”. Para as mulleres de hoxe é

difícil imaxinar que até o decreto de 1910, sendo Pardo Bazán conselleira de Instrución Pública, non podían estudar nin na universidade, nin en secundaria —que empezaba aos 10 anos—, sen un permiso especial do decano ou director. Mais, incluso no caso de cursaren estudos, non podían exercer moitas profesións. Foi votada en dúas partes sendo ambas derrotadas: “Pode concorrer esta [a muller] aos mesmos centros de ensino secundario, especial e superior establecidos para o home e á vez que el?": 267 si, 293 non, e 88 abstencións. No referente ao desempeño de todas as profesións, votaron si 260, non 290, e houbo 98 abstencións. Mostra de que, mesmo nunha audiencia con gran proporción de asistentes da Institución Libre de Ensinanza, as propostas de Pardo Bazán eran demasiado radicais e adiantadas ao seu tempo.

Consideramos a noción do destino propio o pau de palleiro do seu programa feminista. Esta idea artículase a través de cinco liñas argumentais que seguen sendo estes do pensamento feminista moderno: seren todos os individuos suxeitos dos mesmos dereitos e deberes —segundo a John Stuart Mill—, a crítica ao destino relativo, a denuncia do aumento da desigualdade desde a Revolución francesa, a crítica ao suposto da inferioridade intelectual das mulleres, e a identificación do traballo remunerado como elemento crucial na emancipación (Aleixandre e López Sánchez, 2021).

Merece atención a noción da *igualdade de deberes*, pois existindo hoxe amplo consenso sobre a igualdade de dereitos, nas representacións sociais persiste a idea

de que as mulleres teñen máis deberes, así os coidados. A lúcida análise de Pardo Bazán identifica a forma en que o dereito (as leis) é derivado da forza, fundando na submisión da muller todo un sistema teórico: “Pois a forza soa non consegue máis que submisión temporal, e o asentimento perpetuo obtense dando á violencia e á servidume cor de deber e de virtude; edificando sobre o acto brutal teorías que santifiquen os feitos consumados”. Noutras palabras, a teoría é construída *a posteriori*, facendo pasar a servidume por deber, persuadindo as mulleres de que ao ser “máis virtuosas” teñen máis obrigas. Idea tan novidosa, a de que as mulleres non teñen máis deberes, que aínda hoxe é preciso esforzarse para que sexa aceptada.

Cómpre subliñar o atrevemento de Emilia Pardo Bazán ao criticar autoridades como Jean Jacques Rousseau e as súas propostas que, se podían ser avanzadas para a educación dos rapaces, consideraban as mulleres como creadas unicamente para o home.

Canda o ensaio, seleccionamos sete artigos de prensa que desenvolven ideas da escritora nunha linguaxe máis directa. Foron publicados na súa rúbrica “La vida contemporánea” da revista *La Ilustración Artística*, coa que colaborou de 1896 a 1916. Os artigos ocupan unha páxina completa e non adoitan levar título pois tratan, na meirande parte dos casos, varios temas. Transcríbese a parte correspondente a un tema, ás que puxemos títulos informativos, agás dous titulados pola autora.

Na primeira parte do que titulamos “Feminismo”, Pardo Bazán define o movemento feminista como a



conquista máis transcendental da humanidade, loando o seu carácter pacífico, recoñecendo que o seu impulso se debeu aos socialistas, non á burguesía, á que acusa de manter “a escravitude da muller”. Na segunda parte analiza, nun rexistro entre a indignación e a retranca, a incoherencia entre os traballos máis penosos, realizados en Galicia por labregas e obreiras, que nunca lles foron vedados, e outros mellor pagados reservados aos homes. Tamén eloxia a creación en Francia de casas de maternidade para salvar do infanticidio as criaturas naturais.

“Mullericidios” é un dos artigos nos que denuncia os asasinatos de mulleres, opoñéndose ao termo de crimes pasionais. Vai máis alá, identificando a causa: “O home, en xeral, cre vagamente que por ser home ten dereito de vida e morte sobre a muller”.

“Como nas cavernas” é o título da autora para un artigo que narra o intento de violación e, ao non conseguilo, de asasinato dunha costureira que, ao non encontrar traballo, percorre os arrabaldes de noite con intención de suicidarse. Os dous homes son recadadores de taxas e “homes que coidan que son donos da muller polo feito de ser muller”. Pardo Bazán critica as excusas, publicadas nos xornais, sobre se a rapaza era ou non “tan honrada”, xustificacións que seguen a escoitarse, aínda hoxe, facendo recaer a culpa nunha muller violada por como vestía ou por onde ía soa.

“Sobre ascuas”, titulado así por Pardo Bazán, trata o caso de Elisa Sánchez Loriga quen unhas semanas antes, o 8 de xuño de 1901, casara, facéndose pasar por home,

con Marcela Gracia. É notable a ausencia de condena do comportamento de Elisa, que Pardo Bazán interpreta como unha persoa nacida muller que ansía ser home, dedicando eloxios á súa destreza, resolución, intelixencia e habilidade extraordinaria. Apela a escritora a outros casos históricos como a Monxa Alférez, ou a Cabaleira ou Cabaleiro de Eon. Explicitamente defende que cadaquén poida vestir “como lle dea a gana”, e entre liñas suxire que se unha muller se sente home ou un home muller, non debería ser perseguido.

“Maltrato” identifica as primeiras labazadas como anticipo dos asasinatos, cuestión que segue tendo relevancia hoxe: “Vai tan pouco do primeiro maltrato ao crime! A labazada anuncia a morte”.

No artigo que titulamos “Fumar”, Emilia critica a dupla moral, neste caso sobre fumar. Fai uso do seu enxeño e toda a súa retranca, para narrar a detención dunha muller por fumar “desvergoñadamente” (as aspas son da autora) nun lugar onde estaban fumando “con moitísima vergoña” varios homes.

“O decoro” volve sobre unha cuestión que Pardo Bazán trata tanto en artigos como na ficción, o modo en que o “decoro” constituía un atranco insuperable para que as mulleres, neste caso mozas de clase media cun título de taquigrafía, exercesen un traballo remunerado: “Ah! O decoro! Grillón nos pés; esposas nas mans, sogas que se leva no pescozo, sen acertar a desatala!”.

A publicación en galego destes escritos pretende contribuír ao coñecemento das ideas feministas de Emilia Pardo Bazán, que cen anos despois da súa morte se-

guen dialogando connosco, contribuíndo ás reflexións e esforzos para acadar a igualdade.

## REFERENCIAS

- Aleixandre, Marilar e López Sánchez, María (2021). *Movendo os marcos do patriarcado: O pensamento feminista de Emilia Pardo Bazán*. Vigo: Galaxia.
- Alonso Nogueira, Álex (2021). “Desfacer o xénero: a xenealoxía espuria de Gaspar de Montenegro”. *Grial* 230, pp. 26-35.
- Gabriel, Narciso de (2018). “Emilia Pardo Bazán, las mujeres y la educación. El Congreso Pedagógico (1892) y la Cátedra de Literatura (1916)”. *Historia y Memoria de la Educación* 8: pp. 489-525.
- Pardo Bazán, Emilia (1999). *La mujer española y otros escritos* (edición de Guadalupe Gómez-Ferrer). Madrid: Cátedra.
- Pardo Bazán, Emilia (2021). *Algo de feminismo y otros escritos combativos* (edición de Marisa Sotelo). Madrid: Alianza Editorial.

A EDUCACIÓN  
DO HOME E DA MULLER



## A EDUCACIÓN DO HOME E DA MULLER AS SÚAS RELACIÓNS E AS SÚAS DIFERENZAS

*(Memoria lida no Congreso Pedagógico  
o día 16 de outubro de 1892)*

**S**e considerades o que abarca o tema que me foi sinalado para a miña memoria, comprenderedes, señoras e señores, que non é posible desenvovelo con algún reflexivo fundamento senón nun extenso tratado. Sendo xa a educación, por si mesma, asunto de incomparable transcendencia, canto máis grave e fondo é o problema educativo estudado nas singulares anomalías que presenta baixo o influxo do concepto sexual!

Obrigada a encerrarme nos angustiosos límites dunha lectura que dure moi pouco tempo, economizaré na forma co fin de non sacrificar toda a esencia: aforrarei ornato e condensarei, sentindo non poder valerme de signos alxébricos, en vez de vocábulos. Por gala, a claridade; por lei, a verdade; por auxiliar, a lóxica, e por recompensa, non aplausos, senón a remota esperanza de persuadir a alguén dos meus oíntes, entre os que domina a representación do maxisterio, os educa-

dores, depositarios —como dixo o excelso filósofo de Königsberg— do gran segredo do perfeccionamento humano.

Austeras serán as miñas palabras, como austero é o asunto; e ao tempo que austeras, perentorias, categóricas, máis próximas á crueza que ao eufemismo. Son as ideas como as Musas, sempre castas, sempre virxes, por máis que aparezan co veo de cendal; quizais nunca tan honestas como ao descubrir a euritmia do seu immaculado corpo. Mirade con ollos puros as ideas que vou expoñer e sede tolerantes coas que vos ofendan, máis, se cadra, por desusadas e peregrinas, que por espidas.

Ante todo, señoras e señores, convenme dicir que entendo por *educación*, sobre todo para o fin especial desta memoria; e se presentides que aspiro a tomar a cuestión desde moi alto, inferiredes que o meu concepto da educación é o máis comprensivo, e non só abarca as seis subdivisións que recibe comunmente a pedagogía, ou sexa a educación física, a moral, a intelectual, a relixiosa, a social e a técnica, senón que excede do límite fixado á pedagogía infantil e á xuvenil, estendéndose ata informar e penetrar toda a vida; crendo eu que o ser humano, tanto vive canto se educa, ou está obrigado a educarse, así na esfera do entendemento como na do sentimento: por iso dixo Madama de Sévigné de si mesma, donosa e profundamente, que se puidese vivir a barbaridade de douscentos anos, chegaría a ser a máis cabal persoa do mundo. No sentido filosófico da palabra *pedagogía*, non hai conquista da razón que non entre nos seus dominios, posto que o home todo o ignora

ao nacer e ten que aprendelo todo por virtude de propio ou alleo esforzo: ou de boca do mestre, ou facéndose mestre de si mesmo; e esa perpetua aprendizaxe é tanto máis asidua e sincera, canto máis superiores as facultades do estudante perenne; de xeito que o criterio seguro para estimar o valor individual, consiste en avaliálo segundo a aptitude da vontade e a intelixencia para prestarse a esta non interrompida educación *perfeccionadora*. Se alguén di que xa é vello para aprender, tradúcidelo que o interese ou un vicio da vontade o teñen adherido a inveterados erros.

Prego ao meu auditorio que por ese modo amplísimo de comprender a educación, non deduza que eu pense que todos indistintamente poden educarse por igual. Anticipóme a declaralo: inda descontando a maior ou menor disposición e enxeño de cadaquén; inda que ningunha traba legal o estorbe; sendo absolutamente iguais ante o dereito pedagóxico, por raro caso o obreiro, o labrego, o proletario, o servente, o soldado, o mesmo burgués de modesta posición, poderán educarse como se dispuxesen dos recursos que brinda a abundancia do tempo e o desafogo da facenda. Se supoñemos un individuo nado na condición de labrego, de obreiro ou de artesán, e que por determinadas circunstancias logra educación superior, ao punto veremos establecerse antagonismo entre a condición e ocupación orixinarias e o adquirido estado educativo, antagonismo que infaliblemente se resolve nun cambio de profesión e hábitos sociais. Sería estraño que dunha alta educación estética resultase un albanel; ou que estudos



completos de linguas, historia, literatura etc., desen de si un carreteiro. Hai condicións sociais que especializan a educación: a aristocracia, por exemplo, adoita posuír máis educación social que técnica ou intelectual: nos mariñeiros das nosas costas é admirable a educación física, e está ben desenvolto o sentimento relixioso e moral, pero intacta a cultura do entendemento. Isto que vou anotando, recordareino máis adiante, para aplicalo á educación feminina.

Entrando xa a considerar as relacións e diferenzas que existen entre a educación do home e a da muller, ao punto advírtese que estas son moito máis graves e numerosas que aquelas, podendo afirmarse explicitamente, que, hoxe por hoxe, as relacións da educación feminina e a masculina, non pasan da superficie, e as diferenzas, ou mellor dito, as oposicións radican no íntimo e fundamental. Consisten as relacións en afinidades de métodos e programas de ensino e en inevitables identidades de materia docente, e as oposicións no sentido radicalmente oposto dos principios en que ambas educacións se fundan. Mentres a educación masculina se inspira no postulado optimista, ou sexa, na fe da perfectibilidade da natureza humana, que ascende en suave e harmónica evolución ata realizar a plenitude da súa esencia racional, a educación feminina derívase do postulado pesimista, ou sexa, do suposto de que existe unha antinomía ou contradición rotunda entre a lei moral e a lei intelectual da muller, cedendo en dano e prexuízo da moral canto redunde en beneficio da intelectual, e que —para falar en linguaxe sinxela— a muller é tanto

máis apta para o seu providencial destino canto máis ignorante e estacionaria, e a intensidade de educación, que consiste para o varón honra e gloria, para a femia é deshonra e case monstruosidade.

Este pesimismo sombrío e horrendo, que encerra á metade do xénero humano no círculo de ferro da inmovilidade, vedándolle asociarse ao movemento progresivo que a outra metade máis ou menos lentamente cumpre; este pesimismo, señores, por virtude da imperiosa lei xenésica que manda que cada ser xere o seu semellante, é fillo doutro erro non menos transcendental relativo á muller: o erro de afirmar que o papel que á muller corresponde nas funcións reprodutivas da especie, determina e limita as restantes funcións da súa vida humana, quitándolle ao seu destino toda significación individual, e non deixándolle senón a que pode ter relativa ao destino do varón. É dicir, que o eixo da vida feminina para os que así pensan (e son innumerables, cómpre á miña lealdade recoñecelo), non é a dignidade e felicidade propia, senón a allea do esposo e fillos, e se non hai fillos e esposo, a do pai, do irmán e cando estes faltasen, a da entidade abstracta xénero masculino. A orixe desta crenza, senten moitos que é un triste episodio da dolorosa e sublime historia do progreso, en que cada paso cara adiante custa sangue e bágoas. O mesmo que nace salvaxe o individuo, quizais naceu salvaxe a humanidade, e a bestial forza do macho, alá nas escuras cavernas troglodíticas, subxugou a súa compañeira. Os vellos mitos e fábulas das amazonas, das valquirias, das belicosas mulleres que prestan outro nome ao río Mara-

ñón, indican que a muller non sempre se someteu, e que en ocasións probou a rexeitar a forza coa forza. Non é de estrañar que aqueles que, como Rousseau, queren que a humanidade volva a esas cavernas, e cantan e choran esa idade de ouro primitiva, a soñada idade de Saturno, entendan o destino da muller como o filósofo de Xenebra entendeu o da súa *Sofía*. A muller, na súa opinión, non foi creada máis que para o home; non ten existencia propia nin individualidade, fóra do seu marido e fillos; é toda a súa vida *alieni iuri*. Tan incapaz xúlga Rousseau de elevarse sobre certo nivel, que cre que nas rapazas non hai que contar, como nos rapaces, co natural proceso dos anos; Emilio, aos quince, pode oír a *Profesión de fe do Vicario savoiano*<sup>1</sup>; *Sofía* non pode oíla nunca. Os sofistas que da forza derivan o dereito foron hábiles neste caso, fundando na submisión da muller todo un sistema de metafísica sexual, pois a forza soa non consegue máis que submisión temporal, e o asentimento perpetuo obtense dando á violencia e á servidume cor de deber e de virtude; edificando sobre o acto brutal teorías que santifiquen os feitos consumados. Non quero insinuar, señores, que existiu vasta conxura dun sexo para suxeitar o outro; os grandes fenómenos de dominio e submisión na historia, non son froito de combinacións calculadas, senón de inconsciente impulso ditado polo interese colectivo; vede se non a estraña e poética forma de abnegación coñecida por *lealdade mo-*

1. Peza de Rousseau que revela a tendencia ilustrada que vincula a moral e a relixión como compoñentes dunha mesma orde básica. [N. da T.]

*nárquica*, sentimento hoxe atenuado, pero aínda non extinguido, que enche a historia europea desde hai séculos; foi cantado pola arte, considerado a quintaesencia do honor cabaleiresco, distintivo de fidalguía e alta virtude cívica, e ata para a xente do común foi lei de conduta, cuxa infracción infamaba e envolvía a nota de traidor e delator. Porén, este sentimento, que substituíu o destino *propio* do home e do cidadán polo destino *relativo* do súbdito, non era senón filigrana de arquitectura sentimental labrada no aire polo instinto colectivo, a fin de robustecer unha institución —a monarquía— que entrañaba un estado mellor, de menor relatividade, substituíndo ao servo, que só vivía para o señor, polo vasalo, que se vivía para o monarca, polo menos non sentía tanto o xugo, non o levaba tan axustado ao pescozo. O instinto colectivo do varón abandonou pois para elaborar o concepto relativo da muller, e para dar a ese erro xigantesco a fortísima consistencia que aínda o sostén, facéndoo último pero formidable baluarte da desigualdade ante a lei no seo da sociedade moderna, que certamente proclamou os dereitos do home, pero ten aínda sen recoñecer os da humanidade.

Querendo asentar solidamente o criterio que debe presidir a educación feminina, cómpre empezar por promulgar eses dereitos. Sendo o fin da educación, segundo James Mill<sup>2</sup>, facer do individuo adecuado instrumento,

2. James Mill (1773-1836) historiador, economista, politólogo e filósofo escocés, pai do tamén economista John Stuart Mill, que xunto coa súa muller, a filósofa e activista dos dereitos da muller, máis radical que o seu segundo home,

en primeiro termo, da felicidade propia, e en segundo termo, da dos seus semellantes, e realizándose hoxe a educación da muller cun fin relativo e subordinado; dixo Stendhal —cheo de razón— que a educación da muller parece elixida á mantenta e feita de encarga para labrar a súa desdita. Demostrárao unha sucinta recensión comparativa coa educación do home.

Empecemos por unha rama menor pero non desprezable: a educación física. Ninguén pon en dúbida que a actividade muscular, os exercicios que desenvolven, vigorizan, e embelecen o corpo humano, deben formar parte integrante da educación masculina, e seguir practicándose máis alá da mocidade, a fin de previr os estragos da molicie e as funestas consecuencias do sedentarismo. En cambio, cando se trata da muller, unha preocupación, un ambiente de imprecisa e inxuriosa sospeita rodea a educación física e a hixiene do exercicio. “Por que tan singular diferenza?” pregunta o ilustre filósofo Heriberto Spencer, dun país onde a muller non é tan sedentaria como entre nós. “Acaso a constitución

Stuart Mill, e inclinada polo socialismo, Harriet Taylor Mill, sentarían as bases do ensaio sobre a *A subxección da muller*. Algunhas fontes indican que a filla de ambos rematou o ensaio co seu pai a causa da enfermidade de Harriet, tuberculose, da que morrería en 1858. Este texto será dado a coñecer en España, por Emilia, na súa Biblioteca de la Mujer co título *La esclavitud de la Mujer* (vid. “La Biblioteca de la Mujer de Emilia Pardo Bazán: Historia y cronología de un proyecto editorial”, de Ana Freire López, en [cervantesvirtual.com](http://cervantesvirtual.com)). James Mill estuda na Universidade de Edimburgo especializándose en estudos gregos. Seguidor de Betham e da filosofía utilitarista, que respalda o pensamento defendido por Pardo Bazán para xustificar os beneficios do ensino da muller; seguindo o obxectivo de “a maior felicidade para o maior número”, como contrapunto ao idealismo do *iusnaturalis* que promove Rousseau. [N. da T.]

da moza difire tan esencialmente da do mozo, que non vaia precisar exercicio activo? Sen dúbida cren os que ensinan as rapazas que é inconveniente e indecoroso o amplo crecemento corporal, e que certa delicadeza, un apetito de paxaro e a timidez, compañeira da debilidade, sentan mellor ás señoritas elegantes.” Eu non sei se o pobo de Inglaterra repite os mesmos refráns que o de España: sei que se a min me dirixise esas preguntas, lle lembraría a coñecida sentenza española que impón á muller honrada, “a perna quebrada”, e leríalle unha curiosa pasaxe dun libro devoto que gardo na miña biblioteca, onde se enxalza o costume de certos indios, de retorcer e dislocar os pés das criaturas do sexo feminino para que sexan caseiras e non tomen moito o ar. Ensinaríalle obras como a *Institución de la mujer cristiana*, de Luis Vives —que non era retrógrado, pois quería mulleres sabias— e *La perfecta casada*, de Frei Luis de León, onde se fulminan terribles anatemas contra as mulleres que saen, andan e fan o que hoxe chamamos vida activa; os devanditos autores pónenas que non hai por onde collelas de andareiras, desvergoñadas, e semellantes ás públicas cortesás e cantoneiras<sup>3</sup>. Diranme que desde aquela pasou tempo e tales aprehensións borraróronse. Contestarei que non é certo que se borrarasen: que o tipo da *muller forte* que hoxe adoitan pintarnos, difire pouco da dos séculos XV e XVI; que en certas materias

3. Recollo a entrada do *Diccionario de la Lengua Española*, edición de 1897, contemporánea ao discurso de Emilia Pardo Bazán no Congreso Pedagóxico. “Cantonera: mujer perdida y pública que anda provocando de esquina en esquina”. [N. da T.]

relativas á muller retrocedemos máis ben que adiantamos, e que respecto ao punto do exercicio, inda non se lle permite á muller, ou polo menos non se ve con simpatía, como moito, tolérase sen estrañeza, nas mozas, certos xogos non moi turbulentos; admítese a ximnasia e o baile, e nas clases altas a equitación e a caza por alarde aristocrático: todo iso —en España, polo menos— é bastante excepcional. Para que se entenda ata que punto inflúen as preocupacións hereditarias emocionais das que fala Spencer, direi que, tendo preguntado eu nun ximnasio español por que non executaban as alumnas o exercicio chamado de *picas*, contestáronme que ese exercicio influía perniciosamente na muller, creándolle un carácter agresivo e batallador. Que a muller, despois de casada, continúe exercitando as súas forzas e cultivando a actividade muscular, xa produce sorpresa malévola, e se tacha, cando menos, de extravagante. Non se libra desta cualificación a hixiénica e, para min, moi loable vida da infanta Isabel, ex-Princesa de Asturias. Nótese xa esta capital diferenza entre a educación do home e a da muller: o exercicio físico, recomendado ao home, tolérase na muller na nenez e mocidade, e repróbbase despois do matrimonio. Por que? Por tradición: en nome da incumbencia de gardar a casa e de non poñerse en perigo de ver nin de ser vista: a *perna quebrada* dos nosos resesos e netos instrutores.

Pasemos á educación moral, onde, máis aínda que na física, se nos presenta a oposición tan ilóxica como universal. Boa parte das calidades morais que realzan ao varón, combáteas explícita ou implicitamente, a educa-

ción moral feminina *verbigatia*, o valor; a dignidade persoal, a firmeza de carácter: o forte sentimento de independencia; a fecunda ambición de sobresaír entre os seus semellantes e sinalar, con rastro de luz, o seu paso polo mundo; a enerxía do seu pensamento, que quere afirmarse a si propio investigando a verdade e recoñecendoa libremente; a lealdade amigable, a franca veracidade, a iniciativa, a nobre altiveza, o amor ao traballo... Gasparín meteu o dedo na chaga da educación moral da muller, cualificándoa con diminutivos, e queixándose de que a educación feminina está saturada daquela moral cativa, inimiga mortal, segundo Mirabeau, da grande. A muller afoga, presa nas estritas mallas dunha rede de moral miúda, miudiña. Deberciños: gustar, lucir nun salón. Instrucionciña: música, algo de baile, faragullas de historia, nocións superficiais e truncadas. Devocionciña: prácticas rutineiras, xenuflexións, rezos maquinais, todo anano, raquíptico, como os albaricqueiros chineses. Falta o sopro do ideal, a liña grandiosa, a maxestade, a dignidade, o brío.

Pódese dicir que a intensidade da educación moral feminina se concentra nunha soa virtude, ou máis ben, na arte de aparentala: virtude non imposta á serena luz do imperativo categórico, venerado no templo da conciencia, senón como ídolo social. Virtude certamente fermosa e digna do ser humano; mais tan necesaria ao individuo varón como ao individuo femia, inda que só fose porque a pureza de costumes, na xuventude, é a única garantía de saúde, forza e beleza das xeracións futuras, e dado que á conservación da especie concorren xunta-



mente a femia e o varón, preciso é que ambos os dous leven á tan sacra función o sangue limpo, o organismo san, e o espírito non enlodado en lama de torpezas!

Mal podería gravarse en bronce na alma da muller un precepto moral que sen escrúpulo, e ata con alarde, infrinxe o seu compañeiro, ou por mellor dicir, o seu dono, e menos cando co precepto da honestidade se amalgama a aprendizaxe da arte de agradar ao home, a estimación da beleza atractiva para o outro sexo, con preferencia á beleza derivada da saúde e a racionalidade, e a convicción de que no hábil exercicio desa arte incendiaria reside a clave do porvir feminino. O máis que practicaría a muller, se só á súa educación obedecese, sería a moral utilitaria do finximento, o que chaman cubrir as aparencias.

Entre as moitas frases sen substancia que corren con crédito, hai unha que me fai sorrir. Din que a educación feminina ten por obxecto principalísimo formar boas nais. Non admira ver descoñecer ata tal punto a enerxía dun instinto, do máis forte, máis cego, máis animal de todos, o que impulsa á femia a coidar e defender aos seus cativos? A educación, señores, recoñezámolo claramente, é quen de beneficiar a natureza: nunca de substituíla. Sabede que non se pode formar á nai; a madre é a obra mestra do instinto natural, non só na especie humana, senón tamén nas especies animais; a madre é a natureza mesma. Todos vimos a galiña coa rolada de pitiños revolveuse furiosa contra corpulento e fero can, como se puidese —coitada!— soste tan desigual combate. Teñamos valor para engadir que o instinto maternal é máis fi-

xo e certo no irracional que na humanidade, e que ben demostrado parece que, se a civilización non o atrofia, polo menos non o exalta; porque, cando existe, é tan sublime, perfecto e dominante, que, como o vaso totalmente cheo de auga, non admite unha gota máis.

Imaxinades que pedagoxicamente se ensina a amar? Que por artificio ou lei imposta o amor se ilumina e depura? Non: onde a natureza se impón, non lle emenda o home. A educación moral da muller non necesita o luxo de fomentar o sentimento maternal; perfecciónese a muller para si, directamente; que a maternidade encontre un terreo afectivo ben cultivado, e agromará de-reita e vizosa.

Temos que recoñecer, señores, que esta parte da pedagogía, a ensinanza moral, é a máis inzada de dificultades, a máis insegura en métodos, a máis dubidosa en resultados. O dato do carácter individual é aquí cen veces máis poderoso que o ensino, que o exemplo, que a conveniencia, que o amor propio, que a sociabilidade; e só cando o carácter o permite, penetra no individuo a moral *adquirida* ou *ambiente*, a que, segundo Bain, nós asimilamos como o neno das clases aristocráticas asimila os bos modais e o falar selecto. Engade Bain, nas discretas consideracións que fai sobre o caso: “Se percorremos a historia da raza humana, veremos que na maior parte dos casos, non se recibiu outra educación moral senón esta”. Se o que sementa nunha rocha perdese a semente, que por algo afirmaba Kant que o problema do carácter é nesta cuestión decisivo, o home se inclinase a admitir a flexión moral, e moito pode facer o mestre, por canto

aquel que sabe manter a orde e a disciplina indispensables á boa ensinanza, deixa involuntariamente sementada a lección moral no espírito. Mais se reflexionamos un instante acerca da esencia do problema moral comprenderemos que non hai inmoralidade comparable á dunha moral dobre, e que preferible á duplicidade é a supresión: e a cuestión sexual arrastrou á humanidade a se construír unha moralidade dobre, monstruoso Xano que, por un lado ri con riso de sátiro e por outro se contrae con hipócrita aceno.

Pasando da educación moral á educación relixiosa, e sen rozar tan sequera a delicada cuestión de se debe darse na escola e na aula ou só dentro da familia, direi que esta ensinanza se administra con bastante equidade aos dous sexos, moi especialmente no que compete ao dogma, mais tamén na súa parte doutrinal. Cando escoito e leo reiteradamente que o cristianismo elevou e dignificou a muller, sempre penso que este lugar común encerra unha verdade resplandecente, maior do que sospeitan os que sen reflexión a enuncian. O cristianismo dignificou a muller, pero non como pensa o vulgo, pois non é exacto que antes do cristianismo vivise a muller en xeral a relaxación de costumes, nin que despois do cristianismo e entre as mesmas cristiás, non houbera mulleres tan escandalosas e depravadas como as *Agripinas* e *Mesalinas*; nin menos se pode afirmar, en presenza dos datos históricos que a muller, na familia e na sociedade, fose menos considerada baixo o paganismo que baixo o cristianismo, sendo certo que a matrona romana será sempre no mundo antigo, exemplo de dignida-

de e influencia moral, social, e política ao tempo que de severa virtude. A grande obra progresiva do cristianismo, neste particular, foi emancipar a conciencia da muller, afirmar a súa personalidade e a súa liberdade moral, da que se deriva, necesariamente, a liberdade práctica. Non foi na familia senón no interior santuario da conciencia, onde o cristianismo emancipou a muller. E se nesa parte non deu todo o seu froito a obra divina, débese á malicia humana, ao egoísmo e á forza estática das vellas ideas, conxuradas contra a palabra de Cristo.

O sentido da ensinanza do divino fundador do cristianismo era este: “Desde hoxe non haberá máis entre vós amo nin escravo, home nin muller, senón todos fillos do meu Pai”. Mais así como longos séculos, ata os nosos días, seguiu habendo amos e escravos, hai inda entre os cristiáns *homes e mulleres*, con todo o sentido xerárquico que se atribúe na sociedade e na familia a estes dous nomes. E esta dirección social non pode menos de transcender á mesma ensinanza relixiosa, sobre todo nas súas aplicacións á moral. A voz do sacerdote, que un tempo ensinou á muller a afirmar a súa independencia espiritual *usque ad efusionem sanguinis*<sup>4</sup>, hoxe incúlcalle a docilidade conxugal, a fe sen exame e rutineira. Con todo, xusto é repetir que o ensino relixioso é o máis equitativo, o que menos distingue de sexos.

Se algún día a ensinanza relixiosa caese en poder de laicos, e estes non modificaron para entón o sentido xeral do ensino nas súas aplicacións a cada sexo, temo que

4. ‘Incluso ata a derrama de sangue, ata o límite.’ [N. da T.]

pasarán definitivamente o Rubicón, e ensinarán que hai dous deuses, dous decálogos, dous ceos, dous infernos, e nada máis que un limbo, para señoras soas: a non ser que prefiran cortar polo san, como Rousseau, e dicir que a muller non ten máis relixión que a do seu home, e grazas; xa que logo as solteironas nacerían predestinadas ao ateísmo.

O cristianismo na súa pureza, na súa íntima esencia tan afirmativa da dignidade humana, contén o principio harmónico de poder conciliar as dúas metades da humanidade. Dentro da Igrexa, as mártires selaron co seu sangue a independencia espiritual; as predicadoras, como Santa Rosa de Viterbo, e as heroínas como a pastora de Orleáns, confirmaron a súa acción social e política; as doutoras como santa Teresa, a súa plenitude intelectual e ata —a pesar das palabras de san Pablo— a súa función docente. A reacción non debe atribuírselle nunca ao Espírito Santo senón ao home, que non o escoita. Fenelón, o suave e tolerante Fenelón, autor dun tratado loadísimo sobre a educación das señoritas, dedicou boa parte deste tratado a reprobar con desprezativas e durísimas palabras o que chamaba necias pretensións e indiscreta curiosidade das mulleres que pretendesen mesturarse nas discusións relixiosas en que daquela ferían os círculos sociais. Por que tal curiosidade sería máis indiscreta ou máis necia na muller que no home, é o que non di Fenelón. A novísima tendencia dalgúns eclesiásticos a dividir a vida espiritual; os sermóns de onde son excluídas as mulleres; as asembleas católicas exclusivamente masculinas —nin máis nin menos que

as asembleas lexislativas, é certo—recórdanme aquelas curiosas páxinas de Fenelón.

Na educación intelectual, ninguén ignora seren enormes as diferenzas. Cando menos, a educación relixiosa parte do suposto de que as almas son entitativamente iguais, e idéntico o seu valor aos ollos de deus; mentres a educación intelectual funda as súas anomalías e desigualdades na presunción da inferioridade intelectual conxénita de todo o sexo feminino. Suplico aos que me escoitan que me presten agora máis que nunca, benévola atención. Comecei por establecer que na educación da muller e do home, hoxe en día, son maiores e máis graves as diferenzas que as relacións, chegando ás veces a adquirir carácter de antagonismo. Non obstante engadirei que se advirte na sociedade civilizada tendencia a inverter eses dous datos: que se camiña a reducir as diferenzas e aumentar as relacións. Esta tendencia iniciouse no terreo pedagóxico propiamente dito, e case poderíamos hoxe xulgar a cultura dun estado pola amplitude concedida á ensinanza intelectual da muller, non só na lei escrita, senón na sociedade, polo seu maior concerto coa masculina. Desgraciadamente, en España, a disposición que autoriza á muller para recibir igual ensinanza que o varón nos establecementos docentes do Estado, é letra morta nos costumes e seguirá séndoo mentres se dea a inconcibible anomalía de abrirse estudos que non poden utilizar nas mesmas condicións que os alumnos do sexo masculino. Se os proxenitores non esperan resarcirse dos sacrificios que impón unha carreira, e se por riba dirixen as súas fillas a estu-

dos desusados entre as mulleres, só serán quen de sacar en limpo ser acusados de excentricidade de temeridade, poucos serán os que se determinen a impoñer ás súas fillas o estudo polo estudo. Mellor froito e maior loa se consegue de adobialas, de avezalas nas artes da coquete-ría, e que tendan a rede a fin de que se prenda, como atordada mosca, o incauto noivo. Señores, ás veces é necesario chamar as cosas polo seu nome: as leis que permiten a muller estudar unha carreira e non exercela, son leis inicuas.

Moralmente tanto valería e inda sería máis nobre e franco, pechar á muller a aula. Hai quen opina que as cousas deben vir polos seus pasos contados, e que todo progreso debe ser lento, gradual e preparado polo anterior. Eu son máis radical que os que así pensan, mais admito ese criterio por un instante, e digo: limítense dunha boa vez os estudos da muller a determinadas profesións; e esas que sexan libres para exercelas en iguais condicións que o varón. A alta cultura sempre a poderá adquirir a muller que sinta aquela vocación de que falaba monseñor Dupanloup. Hoxe por hoxe, a muller está no caso dun inferior a quen se lle pecha a nave do templo e se lle abre de par en par o santuario. A muller pode escribir unha obra de metafísica e non pode exercer a veterinaria. A muller pode ocupar o trono, mais non pode elixir concelleiros. Dubidades da súa aptitude? Aí tendes —se credes na súa eficacia— os exames, os graos, os exercicios de oposición, todos os procedementos con que se pesa e contrasta a adquisición do saber masculino. Aí teriades, de permitilo —medio insensible e indi-

recto, pero máis seguro— a lenta e evidente demostración das aptitudes polo exercicio da profesión, ou polo cultivo da ciencia como función social. Ben sei eu que vós sabedes que no continxente masculino, se son moitos os chamados, os escollidos sempre son poucos. É dicir que, en ambos sexos, a maior parte se compón de intelixencias inferiores, ou como moito, medianas, dotadas con regulares luces. Por iso dicía madama de Genlis que os plans de educación non se fan para os prodixios nin para os monstros; que a imbecilidade e a atrocidade son tan raras como o heroísmo e o xenio, e que hai que contar coa medianía. E aquí cómpre recordar algo que vos dixen ao comezo: aínda cando o dereito á educación completa e aos seus beneficios é un dereito universal humano e a ninguén podemos negarllo sen infrinxir real e verdadeiramente a lei de Deus, as circunstancias, independentes da nosa boa vontade, impiden a millóns de seres humanos traspasar os límites dunha educación rudimentaria. Se admito eses límites para a educación do home, o mesmo os admito para a muller. Dígoo porque non falta quen crea ou aparente crer que os que pensan coma min, queren facer a todas as mulleres sabias, literatas, filósofas, astrónomas, ou catedráticas. Abofé que, a cada volta, andamos tropezando por aí con filósofos e sabios. A cultura, hoxe en día, circunscríbese a certas clases sociais, inda que o ideal sexa estendela e comunícala a unha poboación máis ampla. O único que creo se lle debe, en xustiza, á muller é eliminar a incapacidade conxénita con que a sociedade a manca. Iguálense as condicións e a libre evolución fará o demais.



Inda que non é costume en boa estratexia rexeitar aliados, eu desprendereime duns que considero funestos: os que encarecen a necesidade de educar intelectualmente a muller para que poida transmitir a ensinanza aos seus fillos. Rexeito esta alianza, porque, insisto, considero altamente depresivo para a dignidade humana, representada pola muller tanto como polo home, o concepto do destino relativo, subordinado ao alleo. A instrución e a cultura nacional que a muller adquira, adquíraas en primeiro termo, para si mesma, para desenvolvemento da súa razón e natural exercicio do seu entendemento, porque o ser racional necesita exercitar as calidades intelectivas ao mesmo tempo que necesita non deixar atrofiar os seus demais órganos. É todo o que sexa inverter os termos antepondo o secundario, conceptúoo de funesto e degradante.

Xa o bo abade Fleury —nome querido pola infancia— dicía: “Pretenden que a muller non está capacitada para o estudo, como se a súa alma fose de distinta especie que a do home; como se non tivese o mesmo ca nós, razón que dirixir, paixóns que combater, ou se lles fose máis doado que a nós facelo todo sen aprender nada”.

É preciso ademais considerar serenamente a cuestión da maternidade. A maternidade é función temporal: non pode someterse a ela a vida enteira. A protección á que teñen dereito as criaturas non debe prolongarse máis alá da nenez. Ademais de temporal, a función é adventicia: todas as mulleres conciben ideas, pero non todas conciben fillos. O ser humano non é unha árbore froiteira, que

só se cultive pola colleita. O indubidable é que no estado presente da educación feminina, se comprende que pedagogos de tan opostos sistemas, como Spencer e Kant, se unan para condenar a educación maternal, cualificándoa ata de desastrosa. Kant chega a dicir que o máis prexudicial no terreo pedagóxico é o cariño e os indiscretos desboques do sentimento, do cal hai que desconfiar en función tan severa. No fogar, na que podemos chamar educación doméstica, establécese case sempre unha contradición penosa entre a ensinanza materna e a paterna, que adoita resolverse optando ao fillo polo criterio do pai, e reservando para a súa nai certa idealista tenrura, non exenta de latente desprezo intelectual. O afecto filial, tan santo, tan fermoso, nada perdería en ser, como a fe, *racional obsequio*. Non porque eu non me negue a admitir a cultura feminina a título de depósito para entregar aos sucesores, descoñezo a beleza que encerra a transmisión do pensamento da madre ao fillo, nin como de doce resulta ao home, encontrar unidas as entrañas que o levaron dentro, e o seo que o nutriu, ao espírito que o comprende.

No campo da educación social e da técnica, poderían sinalarse tamén curiosas diferenzas, pero menos significativas, sobre todo na técnica, onde case se chega á equidade, pois o dato técnico non pode someterse a terxiversacións. Onde as diferenzas se acentúan é en dúas ramas da educación que non figuran na clasificación de Bain: a educación estética e a educación cívica. Non se crea que a primeira ten forzosamente que limitarse a uns cantos escollidos, pois existiron pobos como o grego e o

italiano, en quen todo o impregnou tan vivaz elemento de cultura. Respecto á educación cívica encontrámola tamén en Roma e Grecia, despertando a conciencia dos dereitos e deberes dos cidadáns e fomentando o vigoroso desenvolvemento do espírito nacional, notas ambas que caracterizan aos pobos libres. Pois ben, a pouca educación estética e cívica da muller, leva hoxe sentido oposto á masculina. A ensinanza da arte á muller adocece de torto e falso idealismo: en pintura e escultura, proscribense para a muller o modelo vivo e a anatomía das formas estudadas no cadáver; en música apenas pasa do doméstico piano; en literatura se lle ocultan, prohiben ou expurgan os clásicos, e queda sentenciada ao libro azul, o libro rosa, e o libro crema; e de todas esas falsidades, mesquindades e miserias sae a muller minguada e sen gusto, co ideal estético, non maior ca unha abelá. En canto á educación cívica da muller, é puramente negativa, e cando non é negativa é *minorativa*: privada a muller de toda clase de dereitos políticos, mentres que o varón, desde a Revolución francesa, adquiriunos plenisimos e sen distinción de capacidades. A vida pública, os fastos da súa nación, son á muller cada día máis indiferentes, e as vergoñentas transaccións, as fraquezas dos que interveñen na gobernación e a administración da república, encontran aprobación e louvanzas no fogar doméstico, onde nin se coñecen nin se poden coñecer máis leis que as da caseira economía. O mesmo sentimento patriótico vai fenecendo nos corazóns, e das súas cinzas nace, non a fraternidade humana, senón o egoísmo idólatrico da familia, que deixa de ser célula necesaria ao or-

ganismo social e se converte en couza roedora do tronco que a sustenta. Dada súa condición actual, necesita unha muller maior grandeza de alma que tivo a nai dos Gra-cos para non tratar de imbécil ao seu esposo cando cum-pre algún deber de cidadán e patriota que non redunde en pro do seu peto ou da súa vaidade.

Precipitando a marcha; deixando ocos e baleiros que deploro; bosquexando só imperfectamente o que debese ser acabado cadro sinóptico das ideas infor-mantes da ensinanza de ambos sexos e a súa influencia nos costumes e na marcha progresiva da humanidade, tratei de manifestar, ou máis ben de suxerir ao Con-greso, a fin de que a intelixencia e competencia dos seus membros complete as miñas defectuosas indica-cións, que entre a educación do home e da muller exis-ten relacións superficiais —con tendencia crecente a estreitarse e afondarse, e tendo por ideal a unificación en corpo de doutrinas e prácticas pedagóxicas comúns á humanidade— e diferenzas, ou mellor dito, oposicións capitais, reveladas en contradicións irreductibles a siste-ma de lóxica. Non direi que a pedagogía masculina teña alcanzado a suma perfección, pero ao cabo, certos prin-cipios xerais en que hoxe se funda, e en que andan con-textos os mestres de pedagogía moderna, son racionais e fecundos. Pola contra, en pedagogía feminina son os primeiros principios os que se precisa desarraigat, pola súa letal virtude. A educación feminina atravesat inda o período estacionario: ten que cruzar o revolucionario, se vai entrar no de pacífica, sa e fecunda evolución. Non pode, en rigor, a educación actual da muller chamarse

tal *educación*, senón *doma*, pois se propón como fin a obediencia, a pasividade e a submisión. Cando veremos informando a educación da muller o xeneroso principio de Kant, que non se debe educar segundo o estado actual da especie humana, senón segundo un estado mellor, posible xa no porvir, é dicir, segundo a idea da humanidade e do seu total destino? Á muller si que lle é aplicable o que di Kant do home: que é educado para o mundo actual, con todas as súas corrupcións e atrasos. É a educación da muller preventiva e represiva ata a ignominia; parte do suposto do mal; nace da sospeita, nútrese nos celos; inspírase na desconfianza, e tende a impedir ou a crer boa e candidamente, que impide as transgresións da moral sexual, polo mesmo procedemento mecánico dos grillóns postos ao delincuente para que non poida danar. A educación positiva de instrución e dirección, verdadeira guía da vida humana, está vedada á muller. No primeiro período educativo, ensina Kant, só rexe a obediencia pasiva; este período corresponde á tenra infancia, á nenez. No segundo, o alumno fai uso da súa reflexión e da súa liberdade. Quen non ve que a muller non saíu do primeiro período? Edúcana como nena e nena queda.

Condena Kant severamente a idea funesta de persuadir os fillos dos ricos e poderosos de que nunca haberán de pensar en procurarse o sustento, e que toda a vida sucederá como na casa dos seus pais, onde se lles dá de comer e beber, e vestir e calzar e satisfán os seus antollos, sen máis que abrir a boca e aínda antes de que a abran. Con esa idea —engade o Aristóteles moderno—

os homes serán toda a vida rapaciños ou indios bravos. Pois nesta idea se funda o porvir da muller nas nosas sociedades, como que se lle veda case toda profesión ou ocupación produtiva, e se lle inculca que o seu sostemento corre a cargo do varón. Cando se lle dará esa educación que Kant chama *práctica*, a educación da personalidade, dun ser libre capaz de bastarse a si mesmo, cubrir o seu posto na sociedade, e ao tempo ter para si mesmo un valor que emana da íntima conciencia dos seus dereitos? A muller necesita non esquecer nunca as palabras de Legouvé: “Ninguén ve nin educa na rapaza máis que á esposa futura. O seu desenvolvemento persoal é un *medio* nunca un *fin*. Non existe a muller para si mesma? Non é filla de Deus senón cando é compañeira do home? Non ten unha alma á parte da nosa, inmortal como a nosa, que como a nosa toca ao infinito pola perfectibilidade? Non lle pertence a responsabilidade das súas faltas, e o mérito das súas virtudes? Por riba deses títulos de esposa e nai, títulos transitorios, accidentais, que rompe a morte, que interrompe a ausencia, que unhas levan e outras non, ten a muller un título inalienable e eterno que domina e precede a todo, é o de criatura humana: e, como tal, posúe o dereito ao pleno desenvolvemento do seu intelecto e do seu corazón. Apartemos vas obxeccións, inspiradas en leis dun día: en nome da eternidade, debes á muller a luz!”

Non se diga que a muller é de seu branda e incapaz de enerxía; lémbrese o contraste que unha educación oposta creou entre o carácter e costume das espartanas e o das atenienses. Observou Kant, que cando menten

para desculparse os nenos, polo común, adoitan desaprobalo os pais, mentres as nais rinlles a graza. Dedúcese de aquí que é máis natural a propensión á mentira na muller que no home? Non, é vicio adquirido por unha educación baseada na mentira. Se queremos convencer-nos de que a educación da muller é inmoral, non temos máis que aplicarlle a infalible pedra de toque kantiana. Poderíamos facer desta educación regra xeral educativa da humanidade?

Para min é evidente que a educación completa e racional, totalmente humana, da muller, non danará, antes, fomentará a verdadeira virtude. Pero admitindo que sucedese o contrario: aínda así habería que darlla, baixo pena de declarar preferible a cultura e a civilización, ao estado de barbarie primitiva; triste paradoxo dos retrógrados, máis ou menos disfrazados, como Xan Xacobo Rousseau. Se a cultura e a civilización traen vicios ou poñen en risco virtudes, o conflito non pode ser máis que temporal e aparente, e hai que desdeñalo, pois se o xénero humano non camiñase para incrementar a cultura, retrocedería e caería na animalidade. O tempo fundirá en harmonioso concerto as supostas contradicións, e os nosos descendentes sorrirán dos seus pusilánimes avós.

Non direi que sexa doada a tarefa. Non hai nada máis arduo, máis espiñento, no que menos proporción garde o esforzo co resultado, que a educación; porén, o home a necesita como o pan e a auga pois para ela fomos feitos. Todo progreso —sigo inspirándome no venerable Kant— non é senón pedagogía, paciente aprendizaxe do

mellor; a educación debe propender a romper o cárcere da rutina facendo fillos mellores do que foron os seus proxenitores. Por iso, invocar en materias pedagóxicas a tradición, ou cimentar nela un método educativo para media humanidade, contraditorio co da outra media, como se fai coa muller, paréceme o maior dos absurdos. E ben mirado, na tradición e soamente na tradición, está baseado o sistema educativo da muller. Só se baseará na experiencia o día que esta se verifique, é dicir cando nalgunha nación civilizada se probe en debida forma e continuidade, a educar as nenas con idéntico sentido e criterio que se educa os nenos, e a igualar os dereitos de ambos sexos baixo o concepto común de humanidade. Non pensedes que isto é un ideal nin unha quimera; en nacións moi cultas, comeza a realizarse, pero de todos xeitos o ideal non é senón a concepción dun perfeccionamento que aínda non se deu na experiencia; e que existe xa na conciencia e na razón: para que poida chegar á esfera da realidade externa, abonda con que os obstáculos que se lle opoñen non sexan absolutamente invencibles.

Non me sería difícil reunir e citar autoridades en apoio das opinións expostas nesta memoria e recordar que, por exemplo, Riballier escribía: “Recoñezamos as mulleres por seres semellantes a nós, os que non somos superiores senón mediante vans títulos ancorados en tiránicas leis que prevaleceron por obra da debilidade e a ignorancia. Apliquémonos a facelas fortes, robustas, valorosas, instruídas e ata sabias, se é posible, e se verá desde a primeira xeración que nos suceda, a



humanidade enteira entrar nun período de florecente vigor”. E Leibniz afirmaba que: “De reformarse a educación da muller, se reformaría por consecuencia o xénero humano”.

Mais non é o peso dos nomes ilustres —aos cales se poden opoñer outros non menos ilustres que sentiron o contrario— o que lexitima unha causa. Ata esta data, os partidarios da xustiza están en minoría: para min sería o mesmo se non houbo un só. Recordade que estes días festexa o mundo enteiro o cuarto centenario dun fito histórico que veu contradicir e derrocar o parecer unánime da humanidade por espazo de longos séculos. Non consta que chegasen a media ducia os homes que antes de Colón presentiron a verdadeira forma da terra e a existencia doutro mundo máis alá dos mares. O mesmo Colón non o presentía con claridade, senón, ben turbia e confusamente. No entanto, trabucábase a humanidade enteira, e acertaba aquel trémulo e auroral sentimento.

Na cuestión especial que dá asunto a esta memoria e sen que eu eluda, antes me preste moi gustosa, a admitir toda clase de obxeccións e ata a modificar o meu criterio, se me contrasta con argumentos que convenzan a miña razón; ante a miña conciencia xulgo o sentido tradicional da educación feminina, tan erróneo como as opinións da antiga cosmografía, que supuñan a terra tendida de Oriente a Occidente como un tapiz e máis alá das columnas de Atlante, puñan o mar Tenebroso. E se nun lema pretendese encarnar o meu ideal, sería no lema ao que se debeu en boa parte o descubri-

mento de América; o lema que sinalou a maior época de prosperidade e florecemento para España; o lema que recorda a intervención gloriosísima da muller nos máis altos destinos da humanidade e nos máis arduos problemas da ciencia da política; o lema da grande Isabel: *Tanto monta*.

## CONCLUSIONES

*(Da memoria lida no Congreso Pedagógico  
o día 17 de outubro de 1892)*

Señoras e señores:

O Congreso levará a ben que eu non razoe as conclusións que vou ter o honor de propoñerlle para a súa discusión e votación. As reflexións en que se fundan xa quedaron expostas, non tan amodo como quixera, pero ao cabo con certa extensión, na memoria correspondente ao meu relatorio, lido onte. Soamente me vai ser permitido expresar un sentimento que reborda a miña alma: a alegría que me infunde a unanimidade de miras e vontades que se observa nos traballos e conclusións da nosa sección V, consagrada a estudar os problemas relativos ao ensino da muller. Temía eu, señores, ao vir aquí coa miña provisión de ideas radicais, elaboradas na soidade do meu cuarto de estudo, e comprensivas máis ben do total destino da muller, que concretadas ao problema pedagógico, encontrarme en desacordo co espírito xeral das persoas dedicadas desde hai tempo a profundar ou a

exercitar a pedagogía, en especial a pedagogía feminina. Grande é o meu gozo e aberto queda o meu ánimo a risonñas esperanzas ao comprobar que case todas as voces que aquí se alzaron son voces de liberdade e vida, e que cantos desinteresadamente valoran a cuestión da educación da muller, unánimes piden para ela os dereitos e a cultura omnímoda e unilateral propia da súa condición e racionalidade, equivalentes ás do home.

Esta unanimidade tan honrosa para o profesorado español, americano e portugués, que teñen aquí representación dignísima, me anima e sostén ao presentarvos as dúas conclusións que se desprenden da miña memoria, e que someto á discusión e votación do Congreso.

A primeira conclusión é teórica, é como a razón pura do que desexamos levar á orde práctica da lei escrita e dos feitos. Aspiro, señores a que recoñezades que a muller ten destino propio; que os seus primeiros deberes naturais son para consigo mesma, non relativos e dependentes da entidade moral da familia que no seu día poderá constituír, ou non constituír; que a súa felicidade e dignidade persoal teñen que ser o fin esencial da súa cultura, e que por consecuencia —dese modo de ser da muller— está investida do mesmo dereito á educación que o home, entendéndose a palabra *educación*, no sentido máis amplo de cantos poidan atribuírselle.

A segunda conclusión é práctica. Propoño que en todas as nacións convocadas a esta asemblea, e moi especialmente en España, onde ata hoxe se ten traballado menos neste sentido, se xestione con incansable actividade o recoñecemento do principio anterior, levándoo

á realidade e abríndolle á muller, sen dilación, libre acceso ao ensino oficial, e como lóxica consecuencia, permitíndolle exercer as carreiras e desempeñar os postos a que dean opción os seus estudos e títulos académicos gañados en boa lixe. Hoxe por hoxe aquí se admite a muller libremente na segunda ensinanza; na superior só ingresa por unha especie de concesión graciosa e suxeita a condicións que dependen da boa vontade dos señores reitores e profesores; e despois de ter sido recibidas, así como por compaixón ou por excepción que impón unha singularidade fenomenal, rara vez e en contadísimas profesións, se lles permite exercer o que aprenderon e aprobeitalo para asegurar a independencia da súa vida, ou para exercitar o santo dereito a seguir a vocación propia, a voz misteriosa que nos chama a seguir o noso camiño e empregar as nosas facultades, segundo quixo Aquel que á súa vontade as distribúe.

Cese este estado de cousas. A desconfianza en que se inspiran as restricións impostas á admisión da muller no ensino superior, carece de fundamento; é inxuriosa para a nosa patria, pois a supón nun estado tal de incultura e grosería, que a muller non pode alternar co home nin para os fins máis puros, altos e necesarios, como é o da educación, sen expoñerse a ser inxuriada. Pois que, acaso ignora o noso profesorado os seus deberes ou non sabe sostelos con enerxía? Acaso o noso profesorado, o mesmo que o das demais nacións cultas, non é quen de manter a orde, facer respectar a dignidade humana, e dar aos seus alumnos, ao mesmo tempo que o maná da ciencia, a fraxinela da cortesía, da tolerancia, do decoro,

da fraternidade e da sensatez? Acaso carecen os nosos profesores de educación social; acaso non teñen conciencia de que a súa misión é facer, non só dun ignorante un home instruído, senón dun salvaxe, un home civilizado no mellor sentido da palabra?

E crede, señores, que o profesorado estará á altura do seu deber. Crede que os mesmos alumnos sentirán a presión do deber novo, e que cun pouco de cordura no varón e outro pouco de enteireza e tranquila dignidade na muller, quedará resolto o problema e derrubado o gran espantallo do conflito sexual nas aulas. Eu predico co exemplo, e na experiencia me fundo. A miña filla máis vella cursa o bacharelato no Instituto do Cardenal Cisneros, e só gratitude debe aos dignos profesores que a rodearon de suma consideración e protección, e aos alumnos que xamais a molestaron nin coa máis leve inconveniencia. Sucederá con isto, señores, o que cos xardíns e as estatuas na miña vila natal. Puxeron os edís uns malos bustos no paseo público, e os rapaces os desnarigaron a pedradas; plantaron un xardín mesquiño, e o populacho devastouno. Non se desalentaron, erixiron novos monumentos; crearon parques fermosos ateigados de lindas flores; hoxe o pobo e os rapaces pasean gozosos entre as árbores e respectan a rosa que a todo o mundo ofrece o seu arrecendo. Tampouco nós debemos retroceder; plantemos árbores e arbustos floridos ata que todos os respecten.

RESUMO

*(Dos relatorios e memorias da sección V, lido no Congreso Pedagóxico o 19 de outubro de 1892)*

Señoras e señores:

Próximo xa a rematar as súas tarefas o Congreso e pechándoas hoxe a sección quinta, correspondente ao ensino da muller, hora é xa de que midamos a intensidade do esforzo realizado e calculemos a súa transcendencia, tanto para o porvir pedagóxico da muller, como para a estimación dos graos da súa cultura presente. Non vacilo, señores, en afirmar que esta asemblea tivo de altísima importancia non só a título de punto inicial dunha gran reforma que todos presentimos, senón porque demostra que esa reforma é realizable xa, e que a maior parte dos que pensan e meditan sobre esta clase de cuestións, ven o problema dun modo case idéntico, con sorprendente e significativa unidade.

Tanto máis sorprendente e significativa, señores, canto que os que temos informado sobre os cinco temas que comprende a sección do ensino da muller, nin estamos unidos por lazos de amizade, nin por comunidade de profesións ou ideas políticas e relixiosas, nin menos, para elaborar e emitir os nosos ditames nos concertamos tras poñérmonos de acordo previamente por medio de ningún contrasinal. As persoas que aquí temos falado sobre o ensino da muller, vimos non só de distintos campos, senón de nacións distintas; case non nos coñecemos de nome; case non podíamos sospeitar que existise entre nós o misterioso nexos común dun

ideal que flota na atmosfera do noso século e que, impregnando á vez as nosas almas, nos inspirou palabras tan afíns e ata frases enteiras tan idénticas que, se non soubésemos o imposible que é o caso, diríase que nos plaxiamos entre nós.

Individuos de distinto sexo, de variada nacionalidade, carácter, tendencia e profesións antitéticas; uns procedentes da arena literaria, outros da científica; este maduro no exercicio do profesorado, o outro encanecido no combate da ciencia, viñeron aquí, como á voz dun conxuro, a solicitar a mesma reforma, en graos que apenas difiren en intensidade, sendo esta intensidade maior ou menor, unha cuestión que podemos chamar de temperamento. Inclinándose uns ao oportunismo e preferindo, a maior parte o radicalismo, todos afirmaron en voz alta e coa seguridade, que se deriva da convicción, que a educación feminina é hoxe deficiente, case nula, e que é preciso estendela e elevala ata os mesmos límites que a do home; sostendo e demostrando que esta reforma é de dereito, de posibilidade e de conveniencia os tres graos que en toda reforma é preciso admitir para que sexa ademais de xusta, fecunda e pródida. Os profesores patrocinaron coa súa experiencia a proposta da educación intelectual superior e completa para a muller; os médicos avogaron pola plenitude da súa educación física; os pensadores recoñeceron a inviolabilidade de sagrados dereitos, tan longo tempo socavados e descoñecidos; e os máis profanos, os máis alleos a este asunto pero obrigados, como escritores e artistas, a observar os fenómenos do que

chamou Balzac *Comedia humana*, declaramos, posta a man sobre o corazón, que as anomalías e imperfeccións sociais son en gran parte debidas á singular situación da muller, que a sociedade non pode marchar a ningún estado harmónico mentres non equilibre os dous pratos da balanza humana.

Dixen que sorprende a unidade de pensamento que reina nos informantes da sección quinta de ensino feminino; pero hoxe nos debates deste Congreso, unha nota máis digna, case, de fixar a atención dos partidarios da experiencia. Non só se ten demostrado aquí a aptitude da muller a outra educación que a que hoxe recibe, con memorias razoadas, senón que así como ao escéptico se lle proba a realidade do movemento andando, a muller coa súa asistencia e intervención neste Congreso, tirou practicamente por terra o maioría de obstáculos que a rutina, ou a mala fe, opuñan á súa actividade, consciente e libre. Veu aquí a muller non só a contribuír á obra intelectual co continxente da súa propia razón, dunha cultura adquirida a pesar de toda clase de impedimentos e trabas legais e consuetudinarias, senón a poñer tan claro como a luz do día, que pode alternar co home para fins superiores da cultura sen detrimento da dignidade, sen menoscabo do pudor sen groseiros desplantes nin descompostas accións, sen alterarse cando a contradín; sen mostrar nin intolerancia nin intransixencia; sen permitirse unha arroutada, sabendo conciliar, con exquisito sentido moral e estético, a incontrastable firmeza e enerxía que deben infundir as conviccións, e a cortesía, deferencia e moderación



que deben caracterizar, non en especial a un sexo, senón á humanidade enteira.

Ah, señores congresistas! Cantas e cantas oiriades repetir que a nota característica da muller é o esbardallar e a impetuosidade inconsiderada; cantas veces presencias-tes, e acaso saboreado como entretemento, o espectáculo dunha rifa entre mulleres na rúa, onde todo son voces, dicterios e berros. Mais, que digo na rúa? Señores como desas cousas se teñen visto tamén en salóns vestidos de ricas estofas de seda e enxoiados con mobles artísticos, e se o dubidades, recordade a preciosa novela *Pequeñeces*, do Padre Coloma, e veredes como non son unicamente as lerchas as que se agarran do moño. Comparede, señores, a muller degradada pola incultura, coa que aspirou a afinar o seu espírito no estudo e na conciencia da propia dignidade, e dicídeme en cal resplandece mellor ata a poesía e a beleza do carácter feminino.

Se este fose sitio para dar consellos, eu non cansaría nunca de repetirlle á muller que nela mesma reside a virtude e forza redentora. Máis que os nosos discursos e os nosos estudos, nos ha sacar adiante o exercicio da nosa propia vontade e a rectitude da nosa liña de conduta. A muller tense por feble, cóidase desarmada, porque inda está baixo o influxo da idea da súa inferioridade. É gravísimo erro: a muller dispón dunha forza incontestable, e abonda con que se resolva a facer uso dela sen medo. Así como hai remedios eficaces que se compoñen de velenos, a forza da muller, obrigada hoxe a loitar con tantas preocupacións e vellas malicias, a forza da muller, repito, está formada en grande parte

de desprezo. A muller debe desprezar as injurias estólicas, desprezar as chanzas e burlas insípidas, desprezar as carantoñas, desprezar toda malignidade, toda ameaza, toda mala fe, toda hipocrisía, toda mesquindade intelectual; e para este san e fortificante desprezo, amargo como o absintio e como o absintio medicinal, ten que revestirse da serenidade do estoico, ou armarse da culta risa do satírico, tan diferente da risa do salva-xe, que ri só porque ve cousas novas para el, ou superiores ao alcance do seu entendemento. O que a muller non debe desprezar nunca, moi ao contrario, é a meditada obxección, a observación ben intencionada, nunha palabra, a sabedoría e a bondade alleas; pero ante os malos e os necios debe ser como estatua de mármore, que non sinta nin a lama nin as pedras que lle lancen.

Perdoádeme a digresión porque xa vou cumprir o meu cometido, dando conta ao Congreso coa brevidade que impoñen as circunstancias, do sentido dominante nas memorias presentadas a esta sección, prescindindo unicamente da miña, por razón ben obvias. Polas mesmas, señores, non vos estrañaredes de que considere con algo máis de detención, os informes que se deben á cooperación da muller. Elocuentes e dignas de todo eloxio son as memorias do doutor don Ángel Pulido e de don Joaquín Sama, consagradas ao estudo da educación física, e a propugnar e defender o seu desenvolvemento racional; moi notable a do doutor Berra, mestre, guía e luz da pedagogía americana, así como a do señor Torres Campos, tan copiosa en doutrina e tan cauta e sabia-

mente ecléctica nas súas conclusións. Sen dúbida que a cooperación do home nesta sección é dobremente meritoria, porque ostenta un selo de xenerosidade que realza moralmente o valor do contido científico. Mais se consideramos o que representa como síntoma, a cooperación feminina, coido que non debe tomarse a mal que lle dedique maior espazo e atención.

Revestida a señorita dona Carmen Rojo, directora da Escola Normal de Mestras de Madrid, da autoridade que lle concede a súa experiencia profesional, trouxo precioso continxente ás tarefas do Congreso co relatorio do tema segundo: “Medios de organizar un bo sistema de educación feminina e graos que esta debe comprender; como poden utilizarse os organismos que actualmente a representan, en punto á cultura xeral”. En opinión da señorita Rojo, se respecto á educación da muller, moito se ten discutido, pouco ou nada se ten feito; e partindo da convicción de que a muller e o home, iguais no esencial, e diferentes só no accidental, teñen os mesmos dereitos. En opinión da señorita Rojo que é necesario estender a esfera da educación feminina, ata lograr que a muller se baste a si mesma e non dependa de ninguén. Para isto entende que non se necesita crear novos centros de ensinanza senón perfeccionar e ampliar os xa existentes, facendo da Escola Normal unha especie de universidade feminina. O plan que a tal efecto desenvolve a señorita Rojo demostra coñecemento práctico das necesidades pedagóxicas, e é digno de atención, inda cando teño que declarar que non estou conforme coa súa idea, pois son partidaria da coeducación ou educación mixta; o cal

non me impide facer xustiza aos coñecementos e á notoria competencia demostrada pola señorita Rojo na súa douta memoria. Digna é tamén de honorífica mención a valente memoria da profesora señorita Alcañiz, así pola súa acertada exposición como pola lóxica persuasiva do seu amplísimo criterio.

O apuro do tempo privou ao Congreso da satisfacción de escoitar o ben escrito e fermoso traballo da respectada historiadora americana, señora dona Soledad Acosta de Samper. Todos os que desde hai tempo coñecemos e apreciabamos altamente os méritos da señora Acosta, lamentamos que o Congreso se vise imposibilitado de oír a súa memoria, pero eu percorrín as súas páxinas e vin nelas unha nutrida alegación onde se demostra, con citas e nomes propios, as aptitudes da muller para o exercicio das profesións das letras e das artes. Coido facerme intérprete dos sentimentos do Congreso, ao saudar desde aquí á señora Acosta, e nela á representación da súa xove patria, filla e irmá nosa, que acaso estea chamada a precedernos no camiño de reformas tan xustas como civilizadoras.

Da memoria da señora Wilhelmi de Dávila, que vos direi, que poida igualar en elocuencia aos aplausos con que a acollestes? Inspirada nas máis atrevidas hipóteses científicas modernas —porque o darwinismo non é hoxe en día, corpo de ciencia demostrada senón hipotética— tan ousada no fondo como apracible e delicada na forma; ben equipada de interesantes e convenientes datos estatísticos, a señora de Dávila conseguiu comunicar ao auditorio a suxestión de que a aptitude profesional

da muller xa non é discutible, porque non se discuten os feitos. Caberá, e de feito cabe discusión e litixio respecto á orixe das especies, á infalibilidade da lei da herdanza, á filosofía transcendental da selección e do *bellum omnium contra omnes*: o que ninguén pode negar despois de oír a señora de Dávila, son dúas cousas: que a muller exerce dun modo brillante, noutras nacións, a avogacía, a medicina a enxeñaría; e que a señora de Dávila é para a causa da muller unha avogado tan hábil tan xentil e tan destra como a Porcia de Shakespeare en *O mercader de Venecia*.

Lamentemos, señores, de todas veras, que non se encontre aquí, entre nós, a ilustre señora dona Concepción Arenal, a quen podemos chamar a nosa decana, e a quen manifestaríamos co noso respecto e cos nosos entusiastas aplausos, canto estimamos o seu saber, canto veneramos o seu carácter, canto admiramos os seus dotes singularísimos de pensadora, de publicista, de mestra en ciencias políticas e morais. O Congreso, señores, realizaría un acto de xustiza poñéndose en pé como un só home ao entrar dona Concepción Arenal no seu recinto. O Congreso, señores, tributaría á autora das *Cartas a los delincuentes*, de *La cuestión social*, e do *Visitador del pobre*, a homenaxe debida á dama insigne, a quen len, e traducen e consultan os sociólogos de Alemaña, Inglaterra, e a quen coroa xa, co augusto diadema dos anos, loanza da sabedoría e a gloria do máis exemplar emprego das facultades afectivas e intelectivas, non dunha *muller*, senón, como ela quere que se diga, dunha persoa.

Pero se dona Concepción Arenal non veu en corpo, veu en espírito, enviando ao Congreso unha memoria que abrangue todos os temas da sección, e que é obra mestra de razón e madurez de pensamento, ao tempo que demostración brillantísima de que nin a idade nin os padecementos fan efecto na viril mentalidade da filósofa. Xa a escoitastes, señores, e non ignoredes que é acaso o máis radical, o máis profundo que aquí se ten dito. Das súas conclusións despréndese que a muller non só debe educarse *como* o home senón *máis* que o home, posto que necesita ser *máis persoa*, para “coñecer e cumprir o seu deber, coñecer e reclamar o seu dereito, dignificar a súa existencia e dilatar os seus afectos para que traspasen os límites do fogar doméstico, chamando *seus* a todos os débiles que piden xustiza ou imploran ser consolados”. E vede aquí, señores, como por distintos camiños e seguindo cadaquén o seu, se pode chegar ao mesmo termo. O que dona Concepción Arenal pide principalmente en interese da colectividade, pedímolo outros principalmente en interese do individuo; por iso vos dicía ao comezo, que aquí estiveimos unánimes, vindo de opostos campos, os que talvez nos axeonllamos ante distinto altar; quen noutros terreos falamos lingua tan diversa que, se cadra, non nos entenderíamos. Eficacia asombrosa a das grandes reivindicacións que xuntan nun feixe os espíritos máis diverxentes. Espazoso é o templo da xustiza, e nel caben todos.

Conclúo xa, señores, rogándovos que a votación corresponda ao sentido da información na sección quinta

*Emilia Pardo Bazán*

deste Congreso, e que del resulte algo práctico, concreto e frutuoso para a inmediata e anhelada reforma da ensinanza da muller.

*Nuevo Teatro Crítico* 22, ano II,  
outubro de 1892, pp. 14-82

# A VIDA CONTEMPORÁNEA





## FEMINISMO

**O**s lectores destas crónicas recoñecerán que non abuso da nota feminista; que rarísima vez lles falo das vantaxes obtidas noutros países, sen efusión de sangue, por máis da metade do xénero humano (existe no mundo maior número de mulleres que de homes). Porque en España, tocar esta cuestión dáme algo como un acceso de preguiza e fatalismo. Vivimos particularmente niso tan atrasados! Sería tan dificultoso romper a nosa cotra de incultura, modificar o noso criterio, propiamente musulmán, en canto se refire á muller! Mentres por aí fóra van as cousas tan á présa! Ese figurino recibíremolo aquí un día, moi ben empaquetado, de París, sen ter que enfrontar, ata ese momento, a malignidade da *turba*, a quen Leopardi chamaba

.....*gente*  
*zotica, vil, cui spesso*  
*argomento di riso e di trastullo*  
*son dottrina e saper...*<sup>5</sup>

5. "... natio borgo selvaggio, intra una gente / zotica, vil; cui nomi strani, e spesso / argomento di riso e di trastullo, / son dottrina e saper ...". Versos do canto

e entre a que figuran os ignorantes voluntarios, ou involuntarios que visten levita; hai máis dun século estigmatizados por Frei Benito Xerónimo Feijóo (daquela, vestían *chupa e casaca*, non vaian traerme a colación o anacronismo).

Non obstante, hai momentos en que o interesante e simpático do movemento feminista impulsa a dedicarlle algunhas liñas. É a única gran conquista da humanidade (a máis transcendental, de fixo, nos seus resultados e no seu alcance) que se vai obter pacificamente, sen custar unha lágrima, nin unha gota de sangue, só coa palabra, o libro e o instinto de xustiza que, durmido desde hai tantos séculos, combatido por tantas e tantas arraigadas preocupacións, esperta devagar. Non hai opinión, non hai doutrina política, non hai fase da evolución social que non se compre a prezo de mil loitas, de dores innumerables. Mortes, incendios, explosións, crimes, depredacións de todas clases encontraredes, non só nos historiais dos partidos extremos e das teorías consideradas utópicas, senón nas opinións que máis se derivan da tradición e máis alto proclaman o imperio da orde. Cando escoito falar das explosións de dinamita dos anarquistas, das folgas dos socialistas, ou mellor dito, de incidentes que se producen nalgunhas folgas pregunto: E que, os demais partidos visten túnica branca? Non apelan á forza para triunfar? Reparar en medios?

'Le ricordanze', de Giacomo Leopardi (1798-1837) escritos en Recanati, onde naceu; nestes versos alude á imposibilidade da comunicación coa xente da súa vila. [N. da T.]

Que foi a nosa historia, en todo o pasado século —sen ir máis lonxe nin remontarnos ao diluvio— outra cousa que unha serie de motíns, alzamentos, barricadas, bombardeos, partidas botadas ao campo, deportacións, rexistros domiciliarios, cadeas, forcas, fusilamentos, saqueos, incendios, embargos de bens, cortas de campos, destrución de monumentos artísticos, algaradas por aquí e barbaridades por alá?

Na reivindicación dos dereitos da muller, nada parecido encontraremos. Paz, calma, razón, paciencia, constancia, as únicas armas para conseguir o fin. Lento o progreso, lentísimo; en cambio, cada paso que se adianta é peñor seguro do adianto sucesivo doutro paso firme. Como os viaxeiros alpinistas, que precisan abrir na rocha un oco para colocar o pé, pero acaban chegando ao cumio e plantando nel a súa bandeira, os defensores do dereito da muller avanza en solitario, xamais cansados, aproveitando as mesmas asperezas gañar terreo e culminar a súa obra, verdadeiramente redentora. E digo os defensores, e non as defensoras, porque para que todo sexa fermoso neste movemento, ata son varóns os que en primeiro termo se consagran a el. O home é máis ilustrado e máis forte: correspóndelle a el o posto de abandeirado. En España, para unha muller que como dona María de Zayas, proteste da subxección do seu sexo, hai tres ou catro homes eminentes que falan máis alto en favor da causa feminista. Nos primeiros séculos da Igrexa (época das mulleres extraordinarias, non só pola piedade, senón *pola cultura*) se alzou en favor da muller a voz atronadora e prestixiosa de san Xerónimo.

Como debe decirse a verdade, teño que confesar que o gran impulso a favor da muller o dan, en todos os países, os socialistas. Empresa tan xusta deixoulla ao seu cargo a burguesía, empeñada en soste o sentido do dereito romano e a conseguinte escravitude da muller. Hai cousas tan evidentes para quen as mira só á luz da equidade, que é marabilloso que existan varias maneiras de entendelas e xulgalas. Por que a burguesía se obstinou en privar de dereitos políticos e de bastantes dereitos civís á muller, elemento esencialmente conservador, apegado como ningún á propiedade particular e individual, á herdanza, á estabilidade social? Por que preferiu ter ao seu carón a unha odalisca ou a unha ama de chaves, á unha auxiliar inestimable, constante, tenaz e segura? Por que a situou á espera de atopar a súa emancipación da man dos partidos colectivistas, dunha nova organización da sociedade, dunha aspiración nova?

En efecto, a burguesía, que fixo as revolucións políticas, non as fixo senón para o varón: á muller pódese afirmar que, en vez de aproveitálas, a prexudicaron; antes delas non era tan inferior ao home. Un marido do século XVIII, sen dereitos políticos, se encontraba máis preto da súa esposa que o burgués, elector e elixible, do século XIX. Hoxe, el avanzou, e ela non se moveu; distancia incalculable os separa. Os dereitos políticos inflúen nos dereitos civís; na nosa organización presente a política exerce coacción sobre todo. A condición da muller contemporánea reséntese —dito con lóxica inflexible por Stuart Mill e outros— da anomalía creada polos acontecementos que engrandeceron ao home e

deixaron á muller na súa reducida esfera de acción, no seu recanto de Cincenta. Só a revolución económica, iniciada desde mediados de século, leva no seu programa a igualdade. Fenómeno tan significativo que debería facer reflexionar os estadistas se son dignos deste nome.

Verdade é que no terreo económico, cando existiu a desigualdade entre os sexos? O cadro xa vén de antigo: a muller traballou sempre; os labores máis duros, máis penosos, nunca se lle vetaron en nome da debilidade e delicadeza do seu organismo. No peirao adoita presenciarse unha escena curiosa. Cando chega o momento da descarga dos barcos, escóitase por todas partes resoar este grito: “Ei, aquí, as mulleres!” E un feixe delas, descalzas, en pernas, espeluxadas, curtidas polo sol, o ar e a ruda faena, precipítanse a disputar o saco de carbón, ou de cal, a barrica de augardente, un fardo machucándoas, que lles valerá uns cantos reais de ganancia. “Ei, aquí, as mulleres!” Que contraste entre o grito que chama as miserables a suar e rebentarse, e o grito contrario “eh, fóra as mulleres!”, que cerra á metade do xénero humano todos os camiños por onde se vai obter un posto decoroso, lucrativo, honorífico, algo que sexa de proveito e vantaxe, o que o burgués se reservou para si, gruñindo, e rabiando como o can, cando ten un óso e teme que llo disputen.

Eu vin as mulleres na miña terra segando, cavando, cargando o carro, pisando o toxo, xuntando o esterco, traballando en obras públicas, chapuzadas na auga ata as coxas, escachando pedra, sen que ninguén lles preguntase se estaban encinta ou aleitando —particulari-

dade que tanto preocupa aos que se aterrorizan ante a hipótese de que unha *deputada* levase no seu seo un animado xerme de humanidade—. Eu vinas facendo oficios de mozos de cordel nas estacións, portado baúis; eu vinas (non digan que é hipérbole) axudando a tirar dunha carreta. Todo isto poden facelo con liberdade absoluta, e nin se afunde o firmamento nin tremen as esferas, interrompendo o seu harmonioso xiro. O que faría esgazar o veo do tempo e abrirse nos penechos unha fenda atroz, sería que unha muller sentase nunha oficina a despachar expedientes, ou na sala de sesións dun Concello a deliberar; como sucede agora no Estado de Kansas. Porque ben sabemos que esas funcións as desempeña o home, con tal puntualidade, actividade, legalidade e mestría, que non acertaría ningunha muller a substituílo, nin polo espazo dunha hora.

As anteriores digresións —xa é tempo de declaralo— suxeriumas a lectura dun periódico estranxeiro, onde vexo que a muller vai formar parte do Xurado en Francia; a idea foi ben recibida e prosperará. Isto que chaman algúns penalistas a *institución extravagante do Xurado*, e que eu agora nin defendo ni examino, ou non é nada, ou é a intervención da opinión e do sentimento político na administración de Xustiza. Existindo o Xurado, funcionando normalmente, como se pode excluír del á muller? Hai delitos e crimes que o home, por instinto e sen mala intención, xulga apaixonadamente sempre, porque afectan ao sexo, aos privilexios que o varón se arroga, ás súas preocupacións hereditarias e

emocionais. Fai falta oír á outra parte; é necesario que teña voz e voto a muller.

A muller non fai as leis, nin pode sequera designar a quen vai facelas; pero abofé que as sofre sen atenuacións; a penalidade é para ela igual, en todo caso, e maior nalgúns, que para o varón. Así se entende a xustiza. Si, teñen razón os propagandistas da veciña república: no Xurado fai falta, moita falta a representación da metade do xénero humano, ata hoxe xulgado, sentenciado, executado polo outro medio. Seriamos os españois, que tivemos a unha penalista, unha xurista como dona Concepción Arenal, os chamados a abraiarnos de tal innovación.

Tamén vai gañando terreo a idea de combater o infanticidio, habilitando moitas casas de maternidade onde con absoluta reserva e gratuitamente serán recibidas todas as mulleres que se vexan no caso de ter que ocultar a súa desventura, froito dunha falta que non foron elas soas a cometer... A causa desta medida tan caritativa como racional é o temor que infunde a pensadores e patriotas a despoboación de Francia. Procurando que se salven eses nenos infelices que ás veces, a desesperación das súas madres os bota a un vertedoiro. Francia acrecentará a *falanxe* de fillos naturais da que procederon os d'Alembert, os Dumas e as Georges Sand. A bastardía, na historia, presenta un continxente bastante lucido. Entre os bastardos abundan as criaturas robustas aptas e vivaces —sempre que as angustias e ocultacións da nai, non lles orixinen enfermidades ou debilidades conxénitas. A institución cristiá desas casas de maternidade evita



a moitos seres humanos as lacras e miserias fisiolóxicas que Sorolla retratou no seu lenzo *Triste herdanza*. É o mínimo que pode facer unha sociedade algo civilizada polos que, sen delito, nacen afectados dunha irregularidade e baixo o peso dunha humillación.

*La Ilustración Artística* 1015,  
p. 378, 10-VI-1901

## MULLERICIDIOS

Seguen á orde do día os asasinatos de mulleres. Apenderon os criminais que iso de “a paixón” é unha gran previda defensa, e que pola “paixón”, sáese á rúa libre e en paz de Deus, e non se descoidan en revestir de cores pasionais os seus desafogos mullericidas. Hai poucos días, en Madrid, un individuo escabechou limpamente, de certa coitelada, no medio e medio do corazón, unha infeliz rapaza que ía á compra. Non se pode dicir que fose traizón a que cometeu ese individuo: non se lle debe acusar de aleivosía: anunciou, e coa anticipación debida, o que ía suceder: el avisou para que se preparasen: “Vou matar a esa rapaza”, dixo con tempo. “Que a mato”. Peor para a moza e para a autoridade se non o evitaron. Se o deixaron cumprir o seu fino gusto.

Paixón? Non: cobiza e barbarie, como case sempre. Non sei se o xurado se compón de románticos, que cren na paixón como un fenómeno universal: sendo así, que se estuden os xurados a si propios. Fálase moito de paixón, pero é como os trasnos: todos os nomean e ninguén os viu. A paixón, inda que sexa unha

escusa, debe ser escusa rarísima, o máis excepcional, o máis probado. A paixón é nobre, e estes criminais mullericidas obedecen aos impulsos máis innobres e baixos. Parabéns aos bandoleiros de Andalucía que levando no brazo a faixa e abrindo a faca cos dentes, se destripan cara a cara: parabéns; iso é loita feroz, pero xenerosa e altiva. Mais o que axexa o paso dunha muller, atravésalle o corazón ou a degola, e despois alega que a quería, que a adoraba, *que non podía vivir sen ela precisamente...*, a ese, todo o rigor da lei, porque ademais de criminal é un covarde.

[...]

En xeral, resulta, como creo que xa resultou neste caso, que o suposto namorado *Amadís* é boamente un *Alphonse*, e a vítima a súa *marmita*, ou ola de cocido, a que lle dá de comer e para cigarros. Non traballar e vivir como un sultán —o ideal groseiro deses tenorios de praciña— A infortunada que xa non pode soltar o xugo, é vítima disposta ao sacrificio, inmolada a unha vinganza ruín e salvaxe. De dez casos, en nove encontraredes este elemento repulsivo: os cartos, en vez da paixón; a lacazanería do asasino, que aspiraba a sosterse co traballo da vítima. Se nisto ven os señores do Xurado e os maxistrados un motivo de interese e de conmiseración, unha causa de indulxencia, alá eles! Eu vexo razón de indignada severidade.

O *mullericidio* sempre debería reprobarse máis que o *homicidio*. Non son os homes os nosos amos, os nosos protectores, os fortes, os poderosos? O abuso do poder non é circunstancia agravante? Cando matan, cruelmente, a muller? Non se lles debería esixir máis estrita conta? Porén a historiografía da criminalidade abunda en mullericidios, impunes moitas veces por razóns especiosas, mellor dito, por sofismas que serven para alentarmos o crime. Así como o cura do castelo de Locubín cría que por ser sacerdote non iría ao patíbulo, o home, en xeral, pensa vagamente que por ser home ten dereito de vida e morte sobre a muller. Os resultados desta crenza vémoslos acotío. Ata cando durará esta vaga de *paixón*, tan útil para os coiteiros e os armeiros que venden revólveres baratos?

*La Ilustración Artística* 1021,  
p. 474, 22-VII-1901



## COMO NAS CAVERNAS

A costureira<sup>6</sup> carecía de traballo. Non temos chegado aínda en España, a “nación católica por excelencia”, a preocuparnos deste caso frecuente e fútil: que unha muller que desexa e necesita traballar non encontre en que, ni onde. En que... Diaño! Si; hai un *traballo* que sempre encontra facilmente, sobre todo nas grandes capitais, a muller; inda que non sexa nin nova nin fermosa, como din que é a costureira do crime. *Traballo* chaman ao seu exercicio as infelices que, de dez a tres da madrugada, percorren a paso furtivo as rúas sombrías e enlamadas de Madrid, tapando medio rostro co amarrelento mantón. Pero este traballo non lle conviña á costureira: teimaba en ser honrada, o propósito de conservar o que non dan, a quen non o leva na alma colocada alí por Deus, nin as máis altas posicións, ni as educacións máis refinadas e pulcras, e como maneira de gañar o pan, non sabía ni quería coñecer senón o traballo..., o traballo inaccesible no verán, cando os talleres

6. No orixinal: *modistilla*. [N. da T.]

interrompen o seu labor e a amarga cebola brota entre as pedras caldeadas da deserta vila e corte.

O traballo era tanto máis necesario canto que sostiña, non só a vida da costureira, senón a da súa madre e un irmanciño de curta idade. Os seres queridos agardaban na casa o pan e o sustento, e ela, a que debía procuralo, á que se lle impuxera a tarefa de levar no pico ao humilde niño a cotiá pitanza, volvía de baleiro, humillada, dorida, coa vergoña no rostro e o desalento no corazón. Un día tras outro, xa sabemos como se desenvolve o trivial e doloroso viacrucis dentro das familias pobres: hoxe se empeña o superfluo —se algo teñen superfluo—, mañá o necesario, pasado o indispensable —o instrumento do traballo, a máquina de coser—. Vence o termo da casa; por todas partes apremen os acredores dunha peseta ou de cincuenta céntimos, moito máis implacables e feroces que os de mil pesos; a cociña non ten carbón, a despensa está varrida, a percha baleira, o baúl liquidado, o leito sen sabas, o estómago desfalecido envía ao cerebro vapores de alucinación mortal..., e a costureira antes que ver este cadro quere deixar o mundo. Aí están as augas do estanque da Moncloa, brindando seguro e tranquilo leito e bálsamo para esquecer penas e loitas.

É de noite. Sae da casa, e co paso automático dos que van cumprir repentina determinación, guiados por unha idea fixa; cruza os barrios extraviados de Madrid, métese nos terreos solitarios e nos ásperos desmontes que rodean de aridez ao Cárcere Modelo. Dous homes, ao paso, diríxenlle un piropo brutal, deses que o noso

pobo solta como soltaba a béstia o rudo dardo. Ela avanza indiferente, xorda, abismada nas súas preocupacións e ansiosa de chegar canto antes ao termo do lúgubre paseo. Eles, en cambio, reparan nela: talvez observaron a estraña e anormal situación de ánimo da garrida moza; de seguro, devoraron cos ollos a súa beleza, sospeitando o abandono, a soidade, a indefensión, todo o que pon nas súas pezoñas de fera a presa fácil.

Unha mirada, unha cotenada lles basta para entenderse e concentrarse no propósito criminal. Son homes de acción, a súa maneira: de acción violenta case sempre. O seu oficio é cruel: apostados no ingreso ás cidades, armados, investidos de dereitos que o Fisco lles atribúe, rexistran a cesta do pobre, recadan o máis oneroso e odioso dos tributos, o que orixina a carestía, aquel cuxo resultado directo é a fame pola cal vai a costureira ao suicidio. Non son para eles cousa nova ni as groseiras confianza coa muller, nin a rifa con todos os azos e tiro limpo co varón. Teñen esa arrogancia do funcionario español, que se sente un pouco señor feudal do inerte, sinxelo e desvalido xentío, ignorante da lei e do dereito. Son ademais *homes!* *Homes* que se teñen por donos da muller polo feito de ser muller, criterio que se revela na ousadía e no arrebatado con que a elas se dirixen, e na facultade de matalas que se arrogan con tal lisura, co pretexto do amor, dos celos ou da honra.

A paso de lobo séguena, entre as sombras; ela nin os sente vir. Alcánzana decontado, acométena, amordázana, amárrana; suxéitana cunha pedra enorme sobre o peito. Destino estraño! Ela ía morrer; pero como ía



imaxinar que antes pasaría pola tortura e a vergoña? Animosa, recobrada, espertada do seu fúnebre soño hipnótico pola realidade, loita, deféndese rabiosamente coas uñas, co corpo, con inconsciente enerxía. A súa cara sanguinolenta, os seus pulsos esnaquizados, e nun momento de cansazo dos dous brutos, consegue fuxir, consegue que as súas voces sexan oídas, que se aproxime xente. Os malvados perséguen a tiros: descargan os seus revólveres contra a desventurada, para evitar que fale, que os acuse; e animándose mutuamente ao asasinato como se animaron ao atropelo, un aconsella ao outro que “apunte á cabeza”. O tiro sae, e só por milagre, polo tremor da man do criminal, ou polo defecto habitual na puntaría do revólver, a que ía perecer afogada, non perece atravesada dun balazo na tempa.

E que ocorre cando a pobre costureira vai queixarse desfeita en pranto e co rostro bañado en sangue ante quen está obrigado a velar por ela e por todos? Desde logo xa non pensa no suicidio. Acaso quere vivir para ver castigados aos seus infames agresores. *Elle a promise de ne plus recommencer*. Así se titula un capítulo conmovedor de *Fromont jeune et Risler aîné*, o que refire a odisea da infeliz coxiña Delobelle, en busca do último consolo, o fracasado suicidio... Prometería *non facelo máis* a costureira madrileña? Que drama se representou no seu espírito, despois da escena salvaxe perante o asilo de María Cristina?

Estimo, sen amalo, ao pobo norteamericano. Grandes forzas e grandes enerxías medran no seu corpo novo e robusto. Unha delas é, segundo o meu modo de

ver, a aplicación da lei de Lynch. Esa lei revela o vigor dese pobo. “Que outro faga xustiza por min”, di o enervado. “Eu ben sei como facerme xustiza”, exclama o forte apertando os rexos puños. En certos casos, en certos crimes, en certas iniquidades demasiado escandalosas, que mellor que a lei de Lynch? Os dous heroes do asalto do Cárcere Modelo, alá en Pensylvania ou en Texas, ás dúas horas de cometido o atentado, se balancearían pendurados dunha póla, se inda non os deitaran, amordazaran e ataran de mans sobre unha morea de leña, con petróleo espaxado (ou leña verde para que durase máis o suplicio). Así se fai cando á facultade de indignación se xunta o impulso da acción, inmediata e fulminante, propia de homes resoltos e avezados a defender a vida, a gañala, a afirmala contra a natureza e contra os delinquentes. Aquí a lei de Lynch non existe (a pesar da *xustiza catalá*) nin sequer conviría; pero no caso da costureira, que simpática parece a lei de Lynch!

Sobre todo porque... Eu non sei que creo ver neste crime. Recapacito, lendo os xornais, que é un dos moitos sucesos aos cales se lles pon sordina. O seu castigo non será probablemente tan exemplar como o pide o horror inicuo do caso; xa se empezan a buscar excusas: leo en *El Imparcial* que nun “centro oficial” corre a voz de que a costureira non era tan honrada como se pensou nun principio...

E con que fin se di iso nun centro oficial? É para desculpar os criminais, dúas veces criminais, amén de covardes e aleivosos? É que se quere sentar a xurispru-

dencia, ou espallar a idea de que a unha muller en cu-xo pasado ou presente exista algunha sombra, forxada pola calumnia quizais —e se é real, para o caso dá o mesmo— poden burlarse dela e intentar asasinala dous homes, e que a culpabilidade destes dous homes se mide polos graos de pureza que mida a fama da vítima?

Acaso esa muller, sexa cal fose a súa conduta antes do momento do crime, por máis que fose a escou-ra da rúa, non deben protexela a lei e a sociedade? Imponse menor pena no Código aos que rouban e matan un usureiro ou a un libertino, que aos que rou-ban e matan un home probo e estimado dos seus concidadáns? E porque supoñamos que unha muller pobre, unha humilde costureira, incorreu en debili-dades ou en erros sentimentais, ou de calquera índole, é menos infame a súa opresión, é menos sagrada a súa seguridade, a súa honra, a súa vida, os seus derei-tos de ser humano, en medio dunha sociedade que se di civilizada?

Canto e canto hai que corrixir e rectificar na opi-nión para que sexa recta e auxilie e vigorice a vacilante xustiza! Por delitos que non argúen maldade vaise a pre-sidio. Polo espantoso atentado do asilo de María Cristi-na, que penalidade se imporá? O que consumou o delito, será apresado? O que está preso, sufrirá unha condena seria, ou sairá axiña a pasear e axexar a outra muller indefensa, asegurándoa mellor coa morte, para que non o denuncie?

Este crime si que leva trazas de *misterioso*...

Execración contra os que o cometeron e contra quen non o reprobe desde o fondo da alma coa tremenda severidade que inspira!

“Como en las cavernas”, *La Ilustración Artística*. 1029,  
p. 602, 16-IX-1901



## ELISA E MARCELA

Canto sinto que sexa tan escabrosa a inaudita novela que estes días se divulgou na prensa e que ten por escenario dos seus máis sorprendentes capítulos a miña vila natal! Se non mediase a dificultade que crea a índole do asunto —dificultade case insuperable cando se escribe para unha publicación que vai entrar nas familias, inda que tamén entran os diarios e aí abofé que non andan con melindres, nin morden a lingua— poucos relatos serían máis interesantes que o relato circunstanciado deste caso peregrino, que digo peregrino? nunca visto nin oído, que eu saiba, pois non lembro nada parecido ao longo da nosa historia.

Só un episodio da vida de Domicio Enobardo Néron, no paroxismo da súa época delirante, pode asimilarse ao suceso da Coruña. Nin me atrevo a recordar este episodio, nin a establecer as comparacións que se atropelan baixo a pluma. Hai, así e todo, no caso especialísimo a que aludo, tantos aspectos diferentes que por algún deles se pode considerar, sen faltar a ningún respecto, sen temor de que se escandalice ninguén.

Unha publicación tamén moi acreditada no fogar e moi mirada no que enxerta, *A Ilustración Española e Americana*, deu cabida, ou mellor dito, encargou ao sabio escritor don Antonio Sánchez Moguel, un estudo biográfico da famosa Catalina de Erauso, coñecida polo clásico sobrenome de *A Monxa Alférez*. Á biografía acompañaba o retrato, que representaba a unha monxa armada con coiraza, e mostra a forma do seu corpo raso e ancho, como o peito dun home. A fisionomía da muller, inda que imberbe, tamén é viril; as súas faccións duras e acentuadas, como corresponde á aventureira e belicosa femia que escapou do seu convento polo gusto de andar en batallas, pendencias, quimeras e desafíos, e que en tantos anos de vida soldadesca, de frecuentar garitos e dar e recibir coiteladas, sempre logrou enganar verbo do seu sexo, e que a tomasen non só por varón senón por un varón dos máis matóns e desalmados, dos que sen previo aviso esgrimían a daga e estoque e enviaban a un cristián ao outro mundo.

Agora ben, a xa case célebre Elisa Sánchez Loriga, mestra de escola de Calo, é, como A Monxa Alférez, unha equivocación da natureza, que ao darlle figura masculina deulle no mesmo grao a ansia de parecer home e de realizar, para conseguilo, os maiores extremos. A destreza e resolución urdiu a maraña para soltar, por así dicilo, a personalidade feminina, e adquirir *legalmente* a consideración de varón, revelan intelixencia nada común e son materia de asombro para o novelista, que apenas acertaría a idear un enredo semellante. Ninguén ignora que as trabas legais nos suxeitan e envolven

na súa tupida rede ao individuo, afogándoo. Para o acto máis insignificante e inocente que se pretenda levar a cabo, para calquera relación civil ou familiar, para cobrar a pensión modesta dun retiro, para vender, transmitir, comprar, para recoller un certificado do correo! precísase cubrir requisitos que entorpecen a acción e obrigan a ir, como se diría, de Herodes para Pilatos, zarrandeando documentos e exhibindo comprobantes. Max Nordau consagra extensas páxinas nas súas *Mentiras convencionais da nosa civilización*, a explicar e deplorar o traballo que lle custa a un individuo, na sociedade moderna, probar unha cousa evidente: que xa naceu. Isto de “sacar os papeis” non o conseguen sequera quen os ten claros como a auga, e non se propón ser máis do que é nin aspira a cambiar de estado civil e converterse nun *outro*. Que maña, que arte non tería que poñer en xogo Elisa, decidida a deixar de ser Elisa e *inventar*, dentro da lei, e con todas as circunstancias esixidas, un personaxe imaxinario, un Mario Sánchez Loriga, que contrae matrimonio canónica, civil e xuridicamente?

A fin de lograr os seus propósitos, Elisa representou á perfección, segundo se desprende das noticias da prensa, o papel dun neófito cristián e católico, de súbdito inglés que non foi bautizado. Co bautizo, obtivo a partida de bautismo; coa partida de bautismo o certificado de solteiría; pola nacionalidade inglesa, resultou libre de quintas; xa temos a base da unión conxugal. E contraído o matrimonio ante o párroco e xuíz; corriadas as amoestacións ao seu tempo; feito todo como o pide a lei sen faltar detalle, calquera dubida de que ese



mozo alto, esvelto, osudo, que fuma, que fanfurriña, que anda con desembarazo, non é un varón indiscutible, probado, auténtico, investido de todos os dereitos políticos e civís dos que goza o varón dentro da nosa organización social!

Declaro que para conseguir esta transmigración de femia a home —o único, segundo fama, que non cabe nas atribucións do Parlamento inglés— precísase unha habilidade extraordinaria, e que quen a realizou, sexan cales sexan os seus fins, non é un ser vulgar.

Moitas foron, e respectables e expertas, constituídas en autoridades diferentes, as persoas a quen enganou destramente esta notable muller, capaz de competir se nacesse noutro século, co famoso cabaleiro ou *cabaleira de Eon*, que apenas deixou de ser un enigma histórico. Este personaxe fixo todo o contrario que Elisa Sánchez Loriga: sendo home, envolveuse na pel dunha muller, e pasou por muller sempre que conveu ás súas negociacións políticas e diplomáticas. Era capitán de dragóns, que parece o máis oposto a levar saias; pero necesitou entrar na corte de Rusia, aproximarse á tsarina Isabel, para apoiar as pretensións do príncipe de Conti á coroa de Polonia, e xa podes imaxinar ao meu cabaleiro Carlos de León de Beaumont disfrazado de muller e convertido en lectora da emperatriz. Pouco despois recobrou o seu sexo, e figurou *como irmán de si mesmo* (outro tanto fixo Elisa Sánchez Loriga) e foi secretario da Embaixada, para perder a Bestucheff, e servir diplomaticamente a Francia, aproveitando as vantaxes do tratado de Versalles. Despois desta etapa, o Cabaleiro

de Eon batallou firme e duro en Ostervich, en Utrecht, en varios lances e empeños onde probou o seu corazón animoso. Cando deixou a espada foi para volver á diplomacia, na cal poucos mostraron tan maravillosas aptitudes: representou a Francia en Londres, e de puro leal e útil que se lle facía ao rei, empeñáronse os cortesáns en derrocalo; e conseguírono. A arma que con máis fortuna e empeño manexaron contra el, era unha arma singular: xuraron e perxuraron, que o cabaleiro de Eon, cando foi en Rusia lectora da emperatriz, non estaba disfrazado; que aquel era o seu verdadeiro sexo; que era unha muller, nunha palabra.

E este punto discutiuse e ventilouse con tal interese, debateuse con tal acaloramento, que en Londres, terra prometida das apostas, se apostaron fortes sumas; creáronse (parece increíble!) compañías que emitiron accións en pro e en contra, e varias veces foi obxecto o cabaleiro de tentativas de rapto, das cales sería vítima, de non valerse do seus puños e da súa espada de militar aguerrido. A consecuencia destes sucesos, extraordinaria, rarísima, é un deses feitos históricos que teñen difícil explicación. Morto Luís XV, protector decidido do cabaleiro, e tras pasar este a Francia para arranxar asuntos propios, como foi quen de presentarse en Versalles, co seu uniforme de capitán de dragóns, a raíña María Antonieta ordenou que se retirase á súa casa e non volvese a poñerse diante dela senón co traxe de muller. Podería isto ser un capricho, unha xenialidade da daquela, xuvenil e alegre raíña, que en todo buscaba distraccións; pero cabe dubidalo, cabe pensar nalgunha outra razón, ao ver

que o Goberno, ao mesmo tempo, ordenou ao cabaleiro de Eon que usase sempre as vestiduras femininas. Esta orde era cousa resolta e decidida de antemán; xa varias veces o cabaleiro desistira de volver a Francia, sabedor de que, ao chegar alí, o esperaba o castigo de vestir de muller constantemente. Por certo que considero un dos moitos abusos do poder do Estado, a prescrición do traxe. E non ofendendo ao pudor, por que non se pode vestir cadaquén como lle dea a gana?

E o cabaleiro de Eon —que tiña 50 anos e debía de ser un filósofo á súa maneira, de seguro, un suxeito de intelixencia vivísima— cedeu, de súpeto, ao capricho da sorte que se obstinaba en facelo pasar por muller, calzou os chapíns, adoptou os *paniers* rameados<sup>7</sup>, os altos peiteados e as graciosas cofias da moda María Antonieta, deixou colgar os rizos ata o *fichu*<sup>8</sup> e firmou sempre, con humorístico orgullo, “A cabaleira de Eon de Beaumont”. Quérenme muller —debeu dicirse— pois aquí a teñen. Os acontecementos vingárono da aldraxe, se de aldraxe se trataba; sobreveu a revolución; a cabeza da austríaca, a altiva cabeza, rodou ao cesto do verdugo; e o antigo capitán de dragóns, seguro na inmigración, baixo os seus atavíos femininos, só introduciu unha modificación: en vez da “cabaleira”, chamouse “a cidadá”.

Houbo, non obstante, momentos en que os hábitos do outro sexo, se lle fixeron pesados de levar e, hai que

7. Miriñaques. [N. da T.]

8. Especie de pano que, por adorno ou abrigo, usan as mulleres e cae sobre os ombros (RAE, 1950; EPB non escatima ironía para relatar a vestimenta do “capitán de dragóns”). [N. da T.]

dicilo en honra do cabaleiro de Eon: foi cando Francia tivo que combater ao estranxeiro. Alegando as súas proezas, as súas feridas, a súa limpa historia militar, pediu volver ao exército ao estalar a guerra entre Inglaterra e Francia. A contestación foi encerrala nun castelo. Aínda que menos severamente, con igual desdén tratouno a Convención e o primeiro cónsul, ante quen renovou quince ou vinte anos despois a mesma demanda. Resignado, conformouse con vivir ocultamente en Londres, e o que todos se empeñaban en recluír na máis estreita e dura prisión, que é a prisión dunhas saias, gañou a vida co viril oficio de dar leccións de esgrima, porque o cabaleiro era un espadachín consumado.

Pois ben, insisto: nin o cabaleiro de Eon, nin aquela dona Feliciano Enríquez de Guzmán, que se disfrazou de home para seguir ao campamento ao galán de quen estaba namorada, lle poñen a cinza na fronte á mestra de escola de Calo, co seu *completo* de pano escuro, a súa gravata toureira, o seu sombreiro flexible e o seu tipo de mozo. É canto podo dicir sobre esta novela, digna de folletín, sobre este suceso digno da atención de Lombroso, Garofalo e Tardieu, dos xuristas, dos psicópatas dos que estudan e afondan, coa severidade e dignidade propias da ciencia, os misterios do corazón humano, selva escura que dixó a Sabedoría.

“Sobre ascuas”. *La Ilustración Artística* 1019,  
p. 442, 8-VII-1901



## MALTRATO

**O**s crimes de amor, como sempre: non decrecen nin se interrompen. A primavera non exerce sobre eles ningún visible influxo: durante este inverno tan frío que acabamos de soportar, o sangue fixo o seu labor igual que se a abanease a subida do zume. Seguen a ser irmáns, non só de pai e nai, senón xemelgos, o amor e a morte —segundo o dito do poeta—. O home, e sería máis exacto dicir “a besta humana”, non coñece mellor nin máis eficaz modo de render culto á “deusa do pracer”, que esgrimir a navalla, apertar o gatillo do revólver, ferir, destruír, embrutecerse... Mísera especie humana! Como se non tivese amarguras abondas, dores, doenzas, decepcións e tribulacións de toda índole!

Tales crimes, na xuventude, e neste punto do globo, van estreitamente relacionados coa falta de educación e de cultura. O home de certas capas sociais, en Madrid, está sempre disposto a agredir, apenas encontra obstáculos á súa vontade, sen mesura. Non hai entre tales xentes discusións, senón liortas; non hai requirimentos,

senón acosos; non hai observacións, senón reproches e injurias. Esta disposición puntillosa, colérica e agresiva, aplicádeas a cuestións de tal espiñenta psicoloxía como as amorosas, e comprenderedes que teñen desenlace os conflitos na navalla, a pistola, o pau e os dedos arredor do pescozo. A doce poesía do sufrimento resignado e silencioso; a delicadeza do afastamento cando o impón a altivez dun sentir profundo; a magnanimidade do perdón que desdeña a vinganza; todo o fino e o fondo da paixón ferida en almas ben temperadas e nobres... non poden coñecelo estas xentes incultas e agudas á vez, empapadas de viño e lascivia, moradoras dos teatros *sicalípticos*, feirantes, burladores, moinantes por temperamento, que levan a chularía nas veas, e a soberbia ruda na fala e na acción. Saíde a pé e percorrede, sen obxecto, as rúas céntricas: observade, e os candidatos ao crime pasional se vos presentarán ante a vista, envoltos na capiña que mañá mesmo levarán á casa de empeños, non para atender ao enfermo da familia, non para pagar débedas abafantes senón para o copeo e para convidar ás súas mancebas ao café e ao Price<sup>9</sup>... Notade como nese recanto, dialogan un de capiña e gorra ladeada, e unha de pobre mantón e complicado moño... o diálogo anímase: el alza a man e descarga unha labazada redonda... Ela titubea, chora, despois ri... nin sequera pide auxilio: a labazada está no programa. E esa labaza-

9. O Price, Teatro-Circo, fundado en 1853 polo empresario e cabalista irlandés Thomas Price, estivo situado na Ronda de Recoletos da cidade de Madrid; despois de varios traslados, o edificio orixinal foi demolido en 1970. [N. da T.]

da é o preludio do que virá máis tarde, nunha hora de exasperación brutal de celos ou de soberbia: é o anticipo da navallada feroz, do esmagamento da noz que rompe a cartilaxe; da patada que desgarras as entrañas, do pau que abre o cranio, do proxectil que se incrusta na masa encefálica... Vai tan pouco do primeiro maltrato ao crime! A labazada anuncia a morte; e as emprazadas, a pesar diso, media hora despois de ter recibido na meixela o golpe e o insulto, préndense do brazo do ofensor e marchan con el a celebrar os chistes dunha peciña teatral, onde quizais ven reproducida, en broma, a escena da que acaban de ser protagonistas...

*La Ilustración Artística* 1315,  
p. 170, 11-III-1907





## FUMAR

Leo nun xornal que unha muller foi detida polo grave delito de fumar “desvergoñadamente”, onde estaban fumando, tamén, polo visto, con moitísima vergoña, e dignidade, varios homes. E engade o diario que a muller, ao ser obxecto de medida tan rigorosa, prorrompeu en deostos e invectivas. Sen dúbida, a moi torpe non comprendía ben por que nela constituía delito o que nos varóns non o era.

Debía, non obstante, decatarse esta muller atrevida de que o acto de chuchar unha herba leada sobre si mesma ou cun papel, varía moitísimo de significación, se o realizan os labios dun individuo do sexo forte, ou dos doutro, pertencente á máis bela metade do xénero humano. Un home que fuma, exercita un dos imprescindibles e inalienables dereitos que lle corresponden, en cambio, unha muller que fuma, sempre perturba un pouco a boa organización social. Sabe Deus, que consecuencias podería ter un feito tan sinxelo, é dicir sinxelo, segundo aparencias enganosas.

Confeso que, por min, no que persoalmente me afecta, inda que nunca os españois, que tantas cousas

descubriron, descubriran a *nicotiana tabacum* de Lineo, me daría completamente igual. Non me dá por fumar, e tampouco me causaría o que se di pena que Noé non inventara o sacar zume dos acios da vide, para quedar baixo o estigma de ser o primeiro curda que rexistran as orixes do mundo (inda que Baco poida disputarlle a palma). Pero se desde o punto de vista do meu propio gozo a cousa non me preocupa, no máis desinteresado e nobre altruísmo non poden menos de consagrarlle estas liñas de crónica. A título de que, imos ver, una muller audaz se permite o que só pertence ao seu señor, dono e cabeza, o home? E inda máis en público? Porque ao cabo se a desorde se comete no segredo e recollemento do propio domicilio, e nos cuartos máis ocultos e privados! Pero diante da xente..., é cousa que merece severísimo castigo, e especial penalidade no Código. E non dubidemos que o terá. Con esta clase de delitos adoitan ser inflexibles as nosas celosas autoridades.

*La Ilustración Artística* 1547,  
p. 542, 21-VIII-1911

## O DECORO

A sistín á entrega de premios aos alumnos e alumnas de taquigrafía na Sociedade Económica de Amigos do País, benemérita e veterana institución que procede dos tempos en que se iniciou en España un movemento rexenerador e progresivo cos primeiros monarcas da Casa de Borbón. Queda daquela orixe, na Sociedade, un entusiasmo pola cultura e un desexo de facer o ben que non en todas partes se observa, e unha cabaleirosidade que a impulsa a interesarse pola muller, a querer mellorar a súa sorte.

Así, na entrega de premios, a atención concentrábase nas alumnas, ás que se lles desexaba un porvir modesto, pero honrado, e positivo, logrando co seu traballo combater esa negra miseria que axexa á muller da clase media española, tan resignada, tan laboriosa como falta de maneiras de gañar o pan.

Era un monllo de rapazas, entre 12 e 16 anos, bonitas case todas, ben compostas, con encanto natural, peiteadas non sen certa inocente coquetería; risoñas, que reciben o diploma con gratitude.

Aquel diploma podería, talvez, ser o primeiro paso dunha carreira digna, acaso o medio de dar á madre enferma coidados e medicamentos, aos irmanciños pequenos unha protección...

Mundos de sentimentos escóndense detrás destas distribucións de premios, en aparencia formulistas e sen transcendencia.

O director de Primeira Ensinanza, elocuente, faloulles dun modo eficaz, suscitando esperanzas. Mañá poderían facer oposición a prazas de taquígrafas e mecanógrafas...

No entanto eu matinaba nunha idea que hai tempo me persegue. A aspiración da muller a conquistarse un modo de vivir, a loitar pola subsistencia, tropeza, na clase media, cun obstáculo: o modo de vivir ten que ser, polo menos, decoroso...

Ah! O decoro! Grillón nos pés; esposas ás mans, so-ga que se leva ao pescozo, sen acertar a desatala!

Unha señora, unha señorita non poden poñerse a facer isto, aquilo, nin aqueloutro; impídello o decoro. Sería inútil protestar porque o decoro só debera impedir as accións vergoñentas, malas en si.

Cada vez que vexo unha familia sen grandes recursos e moi numerosa, se me ocorre que as rapazas, dotadas de intelixencia e con vontade poderían (a pesar das restricións que as leis impoñen á actividade da muller, vedándolle tantos postos inxustamente) obter colocacións útiles e lucrativas, de non ser polo obstáculo do decoro. O decoro é como aquela pequena cadea, que obrigaba as virxes fenicias a camiñar lentamente, a non avanzar o paso...

Se non fose polo decoro!

Mirade os anuncios do *ABC*: “Unha señora desexa dirixir unha casa como ama de chaves”. “Unha señora ou señorita ofrécese a acompañar... a viaxar con outras señoritas”. O caso é que na petición de traballo se salve o decoro. Pois ben, eu quixera ler este anuncio: “Unha señorita se ofrece para cociñeira; sabe moi ben a súa obriga”. O soldo dunha boa cociñeira é elevado; hai onde lles poñen axudante, até o labor non resulta excesivo. Por que vai ser máis decoroso sacar da despensa os garanzos que arrimalos ao lume?

Outro oficio remunerado é o de xardineiras e horticultoras. Se non me equivoco, en Inglaterra nos xardíns da Raíña Vitoria, o traballo facíano as mulleres. Non direi que destripen terróns, agora ben, no meu país, as mulleres fano con sumo donaire; mais o cultivo de xardín e horta é xenericamente delicado, entre os manuais. O coidado dos invernadoiros ata pode cualificarse de filigrana. Reproducir as plantas escollidas, esgazando enxertos, ou sementando sementes miúdas; preparar o terreo, facéndoo brando e fértil; regar as flores; colocalas en platabandas e macizos; arrincar e desherbar as malas herbas; dispoñer as plantas, ao transplantalas situándoas con simetría e intelixencia, para que non se danen unhas ás outras; podar as árbores e arbustos, suxeitar as enredadeiras, guiar as hortalizas, suprimirlles a follaxe para que maduren, recoller semente —todo iso é competencia dun brazo feminino—. O mesmo que fan bordadiños que lles estragan os ollos, poderían facer o lindo traballo da *mosaicultura*, combinando flores con

follaxes, e debuxando no chan as grecas de púrpura do *Achyranthes werschafeltia brillantissima*, ou os realces azuis da lobelia...

E canta saúde nesta profesión, que enche os pulmóns de ar puro, que fortifica os músculos, que tonifica todo o organismo da muller!

Por iso lamento que o decoro das señoritas sen fortuna lles vede esta ocupación, e outras, se non tan belas, non menos útiles. Respecto, naturalmente, todas as preocupacións que non comparto; pero me gustaría que así como Bernardino Machado, o ilustre presidente da República portuguesa, ao preguntarlle a que se ía dedicar un fillo seu, contestoume que a agricultor; os padres das mozas, honestas e sen probabilidades de colocación, polo Concilio de Trento, respondesen deste xeito:

—Xoaniña? A cociñeira. Soledad? A confeiteira. Paquita? A horticultora. Conchiña? A perruqueira. Úrsula? A primeira doncela, para o cal está aprendendo a pasar o ferro e limpar encaixes e xoias, a peitear moi ben, a saber como se colgan os traxes e se preservan as peles, a reformar algún sombreiro e a todo o que concirne ao tocador e vestimenta dunha gran señora...

Non espero nunca oír tales frases, porque o decoro... vostede xa me comprende?

*La Ilustración Artística* 1769,  
p. 776, 22-XI-1915

## ÍNDICE

UNHA GALEGA UNIVERSAL	
<i>Miguel Ángel Santalices Vieira</i> .....	7
UN PENSAMENTO LIBRE.	
<i>Victor Fernández Freixanes</i> .....	9
A EDUCACIÓN DAS MULLERES PARA REALIZAR O SEU PROPIO DESTINO. ACHEGAS TEÓRICAS DE EMILIA PARDO BAZÁN	
<i>Marilar Aleixandre</i> .....	11
A EDUCACIÓN DO HOME E DA MULLER	
A EDUCACIÓN DO HOME E DA MULLER AS SÚAS RELACIÓNS E AS SÚAS DIFERENZAS .....	21
A VIDA CONTEMPORÁNEA	
FEMINISMO .....	65
MULLERICIDIOS .....	73
COMO NAS CAVERNAS .....	77
ELISA E MARCELA .....	85
MALTRATO .....	93
FUMAR .....	97
O DECORO .....	99





Este libro,  
A EDUCACION DO HOME E DA MULLER  
E OUTROS ESCRITOS FEMINISTAS,  
de EMILIA PARDO BAZÁN,  
rematouse de imprimir en  
Obradoiro Gráfico, S. L.,  
o día 16 de setembro de 2021,  
no 170 aniversario  
do nacemento da escritora.



**Emilia Pardo Bazán** definiuse a si mesma como “radical feminista”, utilizando abertamente o termo. Reivindicou todos os dereitos para as mulleres, denunciou os mulle-ricidios —creando esta palabra—; criticou as discrimi-nacións, da dobre moral sexual á prohibición de fumar; da negativa a permitirlles ás mulleres exercer traballos ben remunerados; á exclusión das academias; exerceu a súa liberdade como muller. Foi máis alá da esixencia de dereitos e a denuncia das exclusións sufridas polas mu-lleres: elaborou unha construción teórica, identificando os alicerces ideolóxicos da discriminación e algúns dos mecanismos polos que se exerce, o que hoxe chama-mos patriarcado.

Este libro recolle, no ano do seu centenario, un dos seus ensaios máis relevantes sobre feminismo, traducido ao galego, “A educación do home e a da muller”, e mais sete artigos de prensa, co obxectivo de contribuír ao coñecemento das ideas feministas de Emilia Pardo Bazán, que seguen de actualidade.



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

PARLAMENTO  
DE GALICIA

